

ACTA NÚM. 19 - SESIÓN ORDINARIA 22 DE DICIEMBRE DE 2021

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:01 horas** do día **22 de decembro de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro (presente no salón de sesións)
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez (conexión telemática)
Don Gonzalo Muíños Sánchez (conexión telemática)
Dona Marta Abal Rodríguez (conexión telemática)
Don José Manuel Pichel Patiño (conexión telemática)
Don José Javier Fernández Martínez (conexión telemática)
Dona María Esther Pedrosa Carrete (conexión telemática)
Don Rubén Pol Mariño (conexión telemática)

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias (conexión telemática)
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez (conexión telemática)
Don José Antonio Constenla Ramos (conexión telemática)
Don Evaristo Ben Otero (conexión telemática)
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (presente no salón de sesións)
Dona Beatriz Cigarrán Vicente (conexión telemática)
Dona María Castelao Torres (presente no salón de sesións)

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey (conexión telemática ata o punto 8, despois presencial)
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez (presente no salón de sesións)
Dona María Rozas Pérez (conexión telemática)
Don Xan Xesús Duro Fernández (presente no salón de sesións ata o punto 9, despois conexión telemática)

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro (presente no salón de sesións).

Don Juan Ramón González Carnero, interventor do concello (conexión telemática).

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións extraordinaria e ordinaria dos días 23 e 25 de novembro do corrente ano.**
- 2. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10. Estrada de Vigo-Chouchiños.**
- 3. Proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos por gastos derivados da execución do contrato de subministro de enerxía eléctrica Naturgy Iberia, SA. Relación S/2021/154.**
- 4. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para transparentar a elaboración dos orzamentos municipais 2022.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para rexeitar a derogación ou modificación da Lei de Seguridade Cidadá que supoña un menoscabo do labor das forzas e corpos de seguridade do estado.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para aplicar as medidas do pacto polo rural.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para consensuar coa veciñanza o proxecto das obras dos Concheiros, co fin de reducir as molestias causadas e adoptar un plan de axudas directas aos establecementos afectados.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para abordar a problemática das persoas sen fogar na cidade.**
- 9. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para a correcta regulación da música en vivo nos locais da cidade.**
- 10. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**
- 11. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Interpelación:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre os pregos e a licitación da xestión da**

rede de centros socioculturais.

Rogos:

- 1.- Presentado polo grupo municipal do BNG para iluminar os accesos ao Museo do Pobo Galego e a rúa do Home Santo.
- 2.- Presentado polo grupo municipal do BNG para reclamarlle ao Goberno do Estado un redeseño da pasarela da estación intermodal adecuado á climatoloxía de Santiago.
- 3.- Presentado polo grupo municipal do BNG para mellorar a seguranza viaria no barrio de Sar.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a convocatoria de axudas para profesionais e asociacións culturais.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a adxudicación do contrato do servizo de mantemento e conservación dos sistema de control, regulación e xestión do tráfico.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre un plan de poda de árbores
- 4.- Presentada polo grupo grupo municipal do PP sobre o procedemento para a instalación de cámaras en fachadas privadas.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a situación da revisión do PE da cidade histórica.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o estado do expediente para a licitación do novo plan de mobilidade urbana sostible.
- 7.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a execución orzamentaria do departamento de xuventude.
- 8.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a posible instalación dun vertedoiro na parroquia de Nemenzo.
- 9.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre as accións para impedir o paso de vehículos de gran tonelaxe polo viario de acceso ao vertedoiro de Miramontes.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre horarios de apertura de instalacións deportivas.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP en relación ao aboamento de prezos públicos regulados na ordenanza 4.27.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o prego de contratación da xestión da rede de centros socioculturais.

12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada polo BNG para mellorar a accesibilidade no tramo inferior da rúa Bispo Teodomiro.
- 2.- Presentada polo BNG para reclamar o mantemento da médica pediatra adscrita ao centro das Galeras a xornada completa.
- 3.- Presentada polo BNG para a planificación de melloras nos centros de ensino público que reclama a Federación de ANPA.

- 4.- Presentada polo BNG para a cesión dunha parcela para a construción dun centro de día nas Fontiñas.
- 5.- Presentada polo PP sobre a reutilización da infraestrutura das cabinas telefónicas públicas.
- 6.- Presentada polo PP para a posta en marcha dunha campaña de dinamización da actividade comercial e hostaleira na zona Concheiros-San Pedro para a súa recuperación, logo do atraso na execución das obras de reurbanización.
- 7.- Presentada polo PP para mellorar a mobilidade, a seguridade e a calidade ambiental en San Lourenzo, o Carme de Abaixo e a ribeira do Sarela.
- 8.- Presentada por CA para a correcta finalización das obras dos Concheiros e Camiño Francés na Avda. de Lugo e Rodríguez de Viguri, e para impulsar economicamente o tecido comercial e hostaleiro do barrio de San Pedro.
- 9.- Presentada por CA para por un tren que vertebre o territorio e arrefría o planeta.
- 10.- Presentada por CA para dar apoio ás reivindicacións das traballadoras do servizo de axuda no fogar (SAF).

En primeiro lugar gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona Cruz Vázquez Veiga, con relación á proposición presentada polo grupo municipal do BNG, para aplicar as medidas do pacto polo rural.

Don Victor Andrés García Dopico, con relación a moción presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar a accesibilidade no tramo inferior da rúa Bispo Teodomiro.

Dona Estrela Cancales González, sobre pregunta oral formulada polo grupo municipal de CA con relación a posible instalación dun vertedoiro na parroquia de Nemenzo.

Preséntase por parte do grupo municipal do Partido Popular unha moción de urxencia, con relación á sentenza polo aumento de aforo dunha sala de festas na cidade, e tras ser sometida a votación a súa declaración de urxencia, o Pleno da Corporación por 20 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 5 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de CA, declara a urxencia da devandita moción, polo que é incluída na sesión, e será tratada ao final das que figuran na relación da orde do día.

Moción de urxencia en relación coa sentenza polo aumento de aforo dunha sala de festas da cidade.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIA E ORDINARIA DOS DÍAS 23 E 25 DE NOVEMBRO DO CORRENTE ANO.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba as actas correspondentes ás sesións extraordinaria e ordinaria dos días 23 e 25 de novembro do corrente ano.

2. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO SUD 9-10. ESTRADA DE VIGO-CHOUCHIÑOS.

O informe xurídico da xefa de sección de xestión urbanística de data 18 de outubro do corrente ano e proposta da concelleira delegada da área de urbanismo asinada o día 19 seguinte, e que ven co conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“A modificación formúlase de oficio polo Concello de Santiago de Compostela, a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión (SPX), co obxecto principal de executar a sentenza nº 274/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no PO 4761/2007 (EJD 4037/2019).

A sentenza anula as determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe á clasificación de concretos terreos propiedade do recorrente, incluídos no sector de solo urbanizable SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), declarando o Tribunal a súa condición de solo urbano consolidado.

Os terreos afectados pola sentenza son dúas parcelas catastrais, sitas na confluencia da rúa da Volta do Castro coa travesa da Choupana:

5864504NH3456D0001SA (Rúa da Volta do Castro, núm. 2)
5864503NH3456 (travesa da Choupana, núm. 1), dividida en dúas subparcelas, coas referencias 5864503NH3456D0001EA e 5864503NH3456D0000WP

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O PXOM vixente inclúe os terreos afectados pola sentenza no ámbito do SUD 9-10, coa clasificación de solo urbanizable, e os cualifica como sistema viario, destinados a completar a rotonda de enlace da rúa da Volta do Castro coa travesa da Choupana.

As determinacións para o desenvolvemento do sector SUD-9-10 regúlanse no artigo 67 do PXOM, co contido que deseguido se transcribe:

Art. 67. Determinacións para o desenvolvemento do sector SUD 9-10 ESTRADA DE VIGO – CHOUCHIÑOS.

O sector SUD-9, situado en contacto coa Estrada de Vigo, constitúe unha bolsa de solo mixto para usos terciarios e residenciais vinculados ao Hospital Provincial e con boa accesibilidade desde a citada estrada. A súa superficie bruta é de 18,12 Ha. Integra o Outeiro do Castro de Conxo e a súa ladeira sur ata o periférico e esténdese ao norte ata o solo urbano de Chouchiños. Constitúe un ámbito de remate, cunha clara función de crear unha nova fachada da cidade, pero sen interferir na visión do Outeiro do Castro.

Para o desenvolvemento do plan parcial correspondente establécense as seguintes determinacións:

1. Ordenarase mediante un único plan parcial cunha edificabilidade máxima de 0,45 m²/m² destinada a uso mixto residencial e terciario. O plan parcial terá determinación de plan especial no que se refire a restos arqueolóxicos que poidan aparecer pola proximidade do Castro de Conxo.

2. Establécese unha densidade máxima de 33 vivendas/Ha.

3. O uso característico é o residencial. Destinarase a vivenda unifamiliar o 5% da edificabilidade residencial, con usos comerciais e complementarios en planta baixa ocupando ata o 12% da edificabilidade. Destinarase a uso terciario extensivo en edificio exclusivo e outras situacións especializadas na edificación ata o 30% da edificabilidade.

A ordenación garantirá a apertura dunha nova vía dende o nó do periférico e a estrada de Vigo e o vial de Chouchiños.

Poderán establecerse tolerancias de uso industrial tipo escaparate, nas marxes da estrada de Vigo, segundo as condicións de compatibilidade definidas na presente normativa.

4. A efectos de integración ambiental, paisaxística e patrimonial o Outeiro do Castro de Conxo presérvase na zona verde de sistema xeral PU-22. No seu contorno localizaranse preferentemente espazos libres de sistema local, ata o límite definido polo viario proposto no plano de ordenación, incluíndo a totalidade da zona de respecto especial. A tal efecto as dotacións de zonas verdes de sistema local serán como mínimo do 20% do ámbito ordenado.

No resto do ámbito SUD-9 establécese a obriga de realizar, con carácter previo á elaboración do Plan Parcial, as intervencións arqueolóxicas necesarias de cara a avaliar a potencialidade arqueohistórica do subsolo e establecer pola Consellería de Cultura e Deporte as condicións de elaboración do plan parcial e de execución das obras que garantan a conservación “in situ” dos restos arqueolóxicos que poidan existir.

Os trazados indicados en planos de ordenación entenderanse como orientativos, salvo outra indicación neste artigo.

5. A altura e volumetría da edificación deberá ser estudada coa fin de garanti-la axeitada integración ambiental e de respecto ó ben patrimonial existente no ámbito.

6. As reservas para dotacións determinaranse de acordo coa LOUG.

7. Os sistemas xerais imputados ó sector son:

- Ao interior do ámbito: 15.646 m² do Parque do Castro de Conxo (PU-22): 7.600 m² no Sanitario-Universitario de Cantaleira (S-4/EU-12).

- Ao exterior do ámbito: 5.630 m² localizados no parque lineal de Volta do Castro (PU-12); 5.880 m² na área deportiva de San Lázaro (ZD-2); 3.874 m² localizados no parque urbano Eugenio Granell (PU-9).

Os terreos lindantes, non incluídos no ámbito do SUD 9-10, teñen no PXOM vixente a clasificación de solo urbano consolidado, e son edificables nas condicións da ordenanza 3.

No ámbito de estudo da presente modificación inclúense tamén as parcelas 5864501NH3456 e 5864502NH3456, xa edificadas e suxeitas á ordenanza 9 A do PXOM.

2. XUSTIFICACIÓN E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

O obxectivo principal da modificación é dar estrito cumprimento á sentenza do TSXG, que impón a categorización de dúas parcelas catastrais como solo urbano consolidado e, en consecuencia, obriga a excluílas do sector de solo urbanizable SUD 9-10, alterando así a delimitación do solo urbano e urbanizable establecida no PXOM.

En consecuencia, procédese a excluír do SUD-9-10 a parcela catastral 5864504NH3456D0001SA, e parte da 5864503NH3456⁽¹⁾, quedando as dúas parcelas afectadas clasificadas na súa totalidade como solo urbano consolidado.

Simultaneamente, procédese a axustar as previsións do Estudo económico financeiro do Plan xeral relativas á execución do enlace viario, ao se tratar dunha infraestrutura do sistema viario local de especial interese para garantir a mobilidade nesta zona da cidade. Así, en cumprimento do disposto polos artigos 59.2 da LSG e 143 do RLSG, avalíase o custo de expropiación do solo destinado á rotonda de enlace na rúa da Volta do Castro, que podería adquirirse pola administración municipal a través de calquera dos procedementos habilitados pola lexislación do solo de Galicia para a obtención de dotacións en solo urbano consolidado (artigos 129.1 da LSG e 315.1 do seu Regulamento).

Os artigos 20.a) da LSG e 30.a) do RLSG obrigan aos propietarios de solo urbano consolidado a *ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vias situados fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente*. No plano de ordenación nº 4 figura delimitado o terreo de cesión obrigatoria esixible aos propietarios da parcela 5864503NH3456, para os efectos de cumprimento do deber de cesión de vias establecido na normativa aplicable.

Polo que atinxe á urbanización ou execución do enlace viario, haberá de ser obxecto dun proxecto específico de obras que asegure a súa correcta integración no contorno, coa previa autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural. Con esta finalidade propónse instar a colaboración da Xunta de Galicia, ao se tratar dunha actuación vinculada á integración do Camiño Portugués, ao tempo que resulta determinante para resolver a accesibilidade ao Complexo do Hospital Clínico Universitario.

En cumprimento do esixido polo artigo 75.2 da vixente Lei 5/2010 do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), incorpórase á ordenación do SUD 9-10 o trazado do Camiño Portugués que consta definitivamente aprobado pola Xunta de Galicia a través do Decreto 154/2013, do 5 de setembro, *polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela* (publicado no Diario Oficial de Galicia número 184 do 26.09.13).

A transposición deste novo trazado do Camiño Portugués -que difire do previsto no PXOM vixente- obriga a revisar as condicións de ordenación do SUD 9-10 que establece o artigo 67, en particular no que atinxe ao emprazamento dos espazos libres públicos, que deberán situarse na zona de protección do camiño. Esta afección do Camiño Portugués, unida á que resulta dos outros elementos catalogados no ámbito (Castrinho de Conxo e petróglifo), obriga a *compactar* a edificación dentro das zonas sen afección. A tal fin, propónse establecer como uso global característico a vivenda colectiva, ampliar a tolerancia dos usos terciarios e dotacionais -mesmo en edificio exclusivo- ata un 50% da edificabilidade total, e suprimir o límite de densidade (33 viv/ha) fixado no Plan xeral vixente.

Complementariamente, modifícanse tamén as condicións de edificación da parcela de solo urbano que da fronte á travesa da Choupana (5864503NH3456) como de seguido se resume:

- Defínense na normativa e nos planos de ordenación as aliñacións, liñas de edificación e altura máxima (B+4), así como o solo de cesión obrigatoria, para os efectos do artigo 30.a) do RLSG.
- En todo o non previsto expresamente, aplicarase a ordenanza 4 do PXOM.
- Calquera actuación na parcela e no ámbito delimitado polo DEC/154/2013 esixe a previa autorización da DXPC.

No ámbito das parcelas. 5864501NH3456 e 5864502NH3456, xa edificadas e suxeitas á ordenanza 9 A, non se altera a ordenación vixente, limitándose a modificación puntual a introducir a seguinte previsión:

No contexto dunha rehabilitación integral das edificacións ou dunha actuación para a mellora da accesibilidade, poderá estudarse a incorporación dalgún dos espazos situados entre os bloques á rede de itinerarios públicos peonís da cidade.

No documento elaborado pola Sección de Planeamento inclúese a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa

- Normativa resultante da modificación, que inclúe varios apartados:

- *Nova redacción do artigo 67 da normativa do PXOM (Determinacións para o desenvolvemento do sector SUD 9-10 ESTRADA DE VIGO – CHOUCHIÑOS)

- *Normas de urbanización do sistema viario, a desenvolver a través dun proxecto específico de obras que deberá ser autorizado pola DXPC

- *Medidas de protección dos bens catalogados existentes no ámbito

- Estudo económico financeiro, que incorpora tanto a memoria de viabilidade como a de sostibilidade económica esixida polo artigo 143 do Regulamento (apartados 3 e 5).

- Planos (de información e de ordenación resultante)

Polo exposto, a modificación fundaméntase en razóns de estrita legalidade, derivadas da execución da sentenza e do cumprimento da normativa específica de protección do patrimonio cultural no ámbito territorial afectado.

3. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta de Galicia de data 22.04.2021 (2020AAE2489) decidiuse non someter a modificación ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria, formulándose o preceptivo informe ambiental estratéxico.

No trámite de consultas ambientais obtivéronse os seguintes informes:

Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que lembra a necesidade de que o documento reúna o contido e nivel de determinacións esixido pola lexislación do solo de Galicia e polas Normas técnicas de planeamento (aprobadas por Orde de 10.10.2019)

Informe do Instituto de Estudos do Territorio, que sinala a necesidade de realizar un Estudo da paisaxe, *proporcionado ao alcance da Modificación e específico para o lugar* (directriz de paisaxe DX-03), de acordo co establecido no artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020)

O Estudo da paisaxe figura no Anexo I da MP.

Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que sinala varias cuestións:

- a) A delimitación do xacemento Castriño de Conxo (GA15078041) e do seu petróglifo (GA 15078084) axustarase á recollida no PXOM vixente.
- b) A normativa da modificación deberá incluír un réxime específico de protección tanto para o Camiño Portugués como para os xacementos arqueolóxicos e as súas zonas de protección, ou ben remitir á normativa do Plan xeral vixente.
- c) Deberase estudar o tráfico peonil, garantindo o paso seguro e cómodo dos peregrinos (...).

Sobre o xacemento e o petróglifo de Castriño de Conxo, recóllese na modificación puntual a delimitación contida no PXOM vixente, coa súa zonificación (área de protección integral, zona de respecto xeral e zona de respecto especial), ás que se aplica o réxime específico de protección sinalado no artigo 176 do Plan xeral vixente. O citado precepto, no seu apartado 7, obriga a incorporar a área de protección integral e a zona de respecto especial ao sistema local de espazos libres públicos do SUD 9-10, sendo esta unha determinación vinculante para o futuro plan de desenvolvemento, como así recolle o artigo 67 da normativa.

Non entanto o anterior, será o Plan parcial do SUD 9-10 o que estableza a ordenación máis detallada do solo urbanizable, respectando os criterios fixados na presente modificación puntual e a normativa sectorial aplicable. Ata tanto non se aprobo o Plan parcial do SUD 9-10, calquera actuación nos ámbitos de protección integral e de respecto regularase polo disposto no artigo 176 do PXOM, e someterase a autorización da DXPC (artigo 39 da LPCG), coas excepcións que legalmente procedan.

Polo que atinxe ao Camiño Portugués, a delimitación que consta definitivamente aprobada polo Decreto do Consello da Xunta de Galicia DEC/154/2013 é posterior á aprobación do PXOM vixente, que deberá por tanto adaptar as súas determinacións urbanísticas ao novo trazado das diferentes rutas do Camiño de Santiago⁽²⁾. A presente modificación puntual limita o seu ámbito territorial ao SUD-9-10 e a dúas parcelas contiguas de solo urbano, incorporando neste ámbito a delimitación do Camiño Portugués aprobada polo DEC/154/2013, sendo directamente aplicable o réxime de protección e de autorizacións que resulta da súa normativa específica (artigos 75 a 82, 36 e seguintes da LPCG, e artigos 40, 41 e 42 da Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, LRRR).

Polo tanto, e sen prexuízo da normativa específica de protección que haberá de concretar o futuro Plan parcial do SUD 9-10, a presente modificación puntual incorpora

o trazado e o ámbito de protección do Camiño Portugués aprobados pola Xunta de Galicia, establece criterios protectores para a futura ordenación dos terreos afectados no ámbito do SUD 9-10, e reflicte a necesidade de someter a autorización previa da DXPC calquera actuación no ámbito delimitado, coas excepcións que legalmente procedan (artigo 39 da LPCG) .

4. PROCEDEMENTO APLICABLE E ÓRGANO COMPETENTE

A modificación, en canto afecta a determinacións reservadas ao planeamento xeral polos artigos 52, 53 e 56 da LSG, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia (LSG)* e 144 do seu Regulamento (RLSG).

O órgano competente para adoptar os acordos de aprobación inicial e provisional é o **Pleno municipal**, de conformidade co disposto polo artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local, que atribúe ao Pleno a facultade “a *aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística*”

A aprobación definitiva compete tamén ao Pleno municipal pola aplicación conxunta do dispostos nos artigos 123.1.i) da LBRL e 61.2 da LSG:

...

2. *Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.*

...

6. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL

Con base en todo o exposto, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) Aprobar inicialmente a Modificación *puntual* do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en OUTUBRO de 2021.

b) En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 144.6 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública incluírá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos o Documento ambiental estratéxico (DAE), o informe ambiental estratéxico (IAE) e o resumo executivo.

Durante o trámite de información pública darase traslado da documentación á Dirección xeral de Ordenación do Territorio e de Urbanismo, para os efectos de que proceda a solicitar os informes autonómicos preceptivos e outorgue audiencia aos Concellos limítrofes.

Durante o trámite de información pública solicitaranse ao órgano competente da administración estatal os informes sectoriais preceptivos en materia de aviación civil e telecomunicacións.

Suspensión de licenzas e actos de comunicación previa

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e derruba no ámbito das parcelas catastrais 5864504NH3456D0001SA (rúa da Volta do Castro, núm. 2) e 5864503NH3456 (travesa da Choupana, núm. 1).

A suspensión inclúe tamén os actos de comunicación previa para implantar usos ou actividades non permitidos polo novo plan (artigo 86.3.d).

A suspensión non afectará aos proxectos que cumpran simultaneamente as determinacións da modificación e as do PXOM vixente (artigo 86.3.c).

Nas edificacións existentes poderanse autorizar obras de conservación e mantemento do uso preexistente ao abeiro do disposto polo artigo 90.1 da LSG.

Na parte da edificación existente non situada en solo cualificado como viario público poderán autorizarse tamén obras de reforma, sempre que non supoñan incremento do volume edificado ou unha rehabilitación integral equiparable á reconstrución total do edificio non xustificada en razóns de urxencia (artigo 86.3.a do RLSG).

En todo caso, e en cumprimento do esixido polo artigo 39 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, requirirase autorización previa do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural, coas excepcións que legalmente procedan, para as intervencións que se pretendan realizar nos seguintes ámbitos:

- Área de protección integral e zonas de respecto do Castriño de Conxo e do seu petróglifo
- Ámbito da delimitación do Camiño Portugués aprobada polo DEC/154/2013.

A suspensión terá a duración máxima de DOUS ANOS, contado a partires do día seguinte ao do acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

No transcurso do debate, foi presentada emenda pola alcaldía, co seguinte contido:

“Acometer as modificacións do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada Vigo-Chouchiños) co obxecto de darlle maior superficie ás parcelas dotacionais previstas que permitan a ampliación do Complexo Hospitalario, resolver mellor os graves problemas de mobilidade e de estacionamento e facer viable o desenvolvemento do planeamento.”

Xa que logo, unha vez aceptada a emenda transaccional presentada, e á vista do informe proposta transcrito, máis do ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 25 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, polo tanto co quórum da maioría absoluta legal de membros da Corporación, acorda:

a) Aprobar inicialmente a modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en OUTUBRO de 2021.

b) En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 144.6 do ser Regulamento de desenvolvemento (RLSG), a modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública incluírá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos o Documento ambiental estratéxico (DAE), o informe ambiental estratéxico (IAE) e o resumo executivo.

Durante o trámite de información pública darase traslado da documentación á Dirección xeral de Ordenación do Territorio e de Urbanismo, para os efectos de que proceda a solicitar os informes autonómicos preceptivos e outorgue audiencia aos Concellos limítrofes.

Durante o trámite de información pública solicitaranse ao órgano competente da administración estatal os informes sectoriais preceptivos en materia de aviación civil e telecomunicacións.

Suspensión de licenzas e actos de comunicación previa

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, a suspensión do procedemento de

PLE/2021/00057342S

outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e derruba no ámbito das parcelas catastrais 5864504NH3456D0001SA (rúa da Volta do Castro, núm. 2) e 5864503NH3456 (travesa da Choupana, núm. 1).

A suspensión inclúe tamén os actos de comunicación previa para implantar usos ou actividades non permitidos polo novo plan (artigo 86.3.d).

A suspensión non afectará aos proxectos que cumpran simultaneamente as determinacións da modificación e as do PXOM vixente (artigo 86.3.c).

Nas edificacións existentes poderanse autorizar obras de conservación e mantemento do uso preexistente ao abeiro do disposto polo artigo 90.1 da LSG.

Na parte da edificación existente non situada en solo cualificado como viario público poderán autorizarse tamén obras de reforma, sempre que non supoñan incremento do volume edificado ou unha rehabilitación integral equiparable á reconstrución total do edificio non xustificada en razóns de urxencia (artigo 86.3.a do RLSG).

En todo caso, e en cumprimento do esixido polo artigo 39 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, requirirase autorización previa do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural, coas excepcións que legalmente procedan, para as intervencións que se pretendan realizar nos seguintes ámbitos:

- Área de protección integral e zonas de respecto do Castriño de Conxo e do seu petróglifo
- Ámbito da delimitación do Camiño Portugués aprobada polo DEC/154/2013.

A suspensión terá a duración máxima de DOUS ANOS, contado a partires do día seguinte ao do acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento.

Acometer as modificacións do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada Vigo-Chouchiños) co obxecto de darlle maior superficie ás parcelas dotacionais previstas que permitan a ampliación do Complexo Hospitalario, resolver mellor os graves problemas de mobilidade e de estacionamento e facer viable o desenvolvemento do planeamento.

3. PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA NATURGY IBERIA, SA. RELACIÓN S/2021/154.

A proposta da concelleira delegada de medio ambiente, de data 10 de decembro de 2021, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

PLE/2021/00057342S

Á vista do informe da intervención municipal e, consonte ao procedemento establecido no artigo 30.1 das Bases de Execución dos orzamentos xerais vixentes que regulan no ámbito desta Administración municipal o procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos, emítese a presente proposta:

Primeiro: Tal e como sinala o interventor no seu informe constan asinadas as actas de conformidade das facturas que integran a relación S/2021/154, correspondentes ao subministro de enerxía eléctrica contratado e realizado por NATURGY IBERIA SA en diferentes periodos do ano 2021. En execución do referido contrato emitíronse, entre outras, as seguintes facturas:

F/2021/567 por importe de 1.529,20 euros
F/2021/674 por importe de 1.046,00 euros
F/2021/675 por importe de 42,31 euros.
F/2021/891 por importe de 431,51
F/2021/892 por importe de 61,96

Estes xustificantes de gastos foron conformados polo responsable do CX12 co visto e praxe da concelleira delegada da área correspondente e imputados as partidas orzamentarias 020 16500 2210000 e 020 92000 2210000 do exercizo 2021.

Segundo: No seu informe, a viceinterventora municipal emite informe de fiscalización no que se pon de manifesto que as facturas referenciadas foron remitidas á intervención conformadas polo centro xestor; sen embargo ao tratarse de gastos deivindicados en exercizos pechados, deben ser obxecto dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nos termos do punto 1º do artigo 30 das Bases de execución do orzamento.

Terceiro: Tal e como sinala o enxeñeiro municipal, o subministro ao que corresponde a facturación foi realizado correctamente.

CONSIDERACIÓNS

Considerándose ademais que nos gastos de referencia concurren os requisitos e esixencias contidas na base 30 do orzamento vixente, para que proceda o recoñecemento das correspondentes obrigas mediante a tramitación de expediente de recoñecemento extraxudicial e abono da correspondente indemnización o terceiro polas prestacións efectuadas a esta Administración municipal, isto é

- Xustificación da necesidade do gasto nos termos que se deixan expostos nesta proposta.
- Non ser necesario a constitución de garantías en razón a natureza dos servizos prestados.
- Que as prestacións realizadas polo terceiro son as estritamente necesarias para satisfacer a necesidade que motiva aquelas.
- Que os prezos facturados son correctos e axeitados ao mercado.

PLE/2021/00057342S

- Existencia de crédito orzamentario específico e axeitado nas aplicacións do orzamento municipal vixente 020 16500 2210000, 02092000 2210000 , sin que da imputación dos gastos a aquela poda derivarse prexuízo ou limitación para a realización de todas as obrigas contraídas do exercicio corrente na consecuente aplicación orzamentaria.

PROPOSTA

En base ao anterior, e de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos e artigo 30 das Bases de Execución do Orzamento Xeral Municipal, sométese a consideración do Pleno da Corporación, previo informe da Intervención Xeral Municipal, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-lo expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo as débedas contraídas coa empresa NATURGY IBERIA SA para o subministro de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión, correspondente á relación contable S/2021/154 integrada polas seguintes facturas:

F/2021/567 por importe de 1.529,20 euros

F/2021/674 por importe de 1.046,00 euros

F/2021/675 por importe de 42,31 euros.

F/2021/891 por importe de 431,51 euros

F/2021/892 por importe de 61,96 euros

Total: 3.110,98 euros

Segundo: Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga derivada da execución do contrato de referencia. Os gastos imputaranse as partidas orzamentarias seguintes:

020165002210000: F/2021/567; F/2021/891

020920002210000: F/2021/674; F/2021/675; F/2021/892.”

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión ordinaria do día 16 de decembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo as débedas contraídas coa empresa NATURGY IBERIA SA para o subministro de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión, correspondente á relación contable S/2021/154 integrada polas seguintes facturas:

F/2021/567 por importe de 1.529,20 euros



PLE/2021/00057342S

F/2021/674 por importe de 1.046,00 euros

F/2021/675 por importe de 42,31 euros

F/2021/891 por importe de 431,51 euros

F/2021/892 por importe de 61,96 euros

Total: 3.110,98 euros.

Segundo: Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga derivada da execución do contrato de referencia. Os gastos imputaranse as partidas orzamentarias seguintes:

020165002210000: F/2021/567; F/2021/891

020920002210000: F/2021/674; F/2021/675; F/2021/892.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA TRANSPARENTAR A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2022.

Foi presentada con data 13 de decembro de 2021, a proposición do epígrafe co seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local, da que derivan as leis de grandes cidades e a súa xestión, veu modificar de xeito substancial a distribución de atribucións entre os órganos necesarios, de forma que se fortalecían as funcións xestoras e executivas, en aras dunha maior eficacia e axilidade, e, como contrapeso, mellorábanse os mecanismos de control.

Con iso superouse unha das grandes deficiencias da LRBRL e abriuse o camiño a unha experiencia positiva da aplicación á reforma do réxime local dun modelo maiormente parlamentario para responder á esixencia dun debate político aberto e creativo sobre as principais políticas da cidade, así como profundar no control da acción dun Executivo reforzado.

Posteriormente, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regulou e incrementou a transparencia da actividade de todos os suxeitos que prestan servizos públicos ou exercen potestades administrativas mediante un conxunto de previsións que se recollen en dous capítulos diferenciados e desde unha dobre perspectiva: a publicidade activa e o dereito de acceso á información pública.

A nivel europeo, a transparencia orzamentaria, entendida como principio aplicable á elaboración, execución e supervisión dos orzamentos para que os datos orzamentarios

sexan exhaustivos, coherentes, fiables e accesibles, é un elemento fundamental para asegurar a estabilidade orzamentaria e a sostibilidade das finanzas públicas.

Se o orzamento do sector público é o instrumento xurídico de maior relevancia para articular a política económica, é desexable e conveniente que ese instrumento e o propio proceso orzamentario sexa o máis transparente posible, é dicir, reflicta a verdadeira situación das finanzas públicas.

Como sinalou recentemente a Comisión Europea, «unha política orzamentaria sólida debe basearse nunha información orzamentaria fiable. Para os responsables políticos é esencial por moitas razóns dispoñer de información exacta, oportuna e exhaustiva sobre a execución do orzamento. En primeiro lugar, iso garante a correcta execución dos orzamentos aprobados polos órganos legislativos.

En segundo lugar, permítelle ás autoridades orzamentarias controlar en tempo case real calquera desviación respecto das traxectorias orzamentarias aprobadas. En terceiro lugar, de cara ao futuro, permite que a planificación orzamentaria se leve a cabo sobre a base dos datos máis recentes, minimizando os efectos de base causados por revisións posteriores dos datos orzamentarios».

Pero ademais dos seus indubidables beneficios para a fiabilidade dos orzamentos, a transparencia orzamentaria contribúe a reforzar o noso compromiso coa estabilidade orzamentaria que é unha prioridade absoluta e unha esixencia firme da Unión Europea, reforza a credibilidade e confianza nas administracións públicas e contribúe a reforzar a democracia.

Os beneficios da transparencia orzamentaria son, pois, evidentes e moi variados. (CE: Informe provisional de situación sobre a aplicación da Directiva 2011/85/UE do Consello, relativa aos requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros).

A nivel do grupo político do actual Goberno local compostelán, no seu propio programa electoral do ano 2019 presentábase ás eleccións como garante da EFICIENCIA, CALIDADE, AUSTERIDADE, TRANSPARENCIA, e a PARTICIPACIÓN (apartado XII).

Todos estes argumentos deberían ser máis que suficientes para o grupo que sustenta ao Goberno local aprobase no seu momento a proposta de transparentar os orzamentos municipais presentada polo Grupo Popular. Lonxe diso, chegou a utilizar o seu voto de calidade para non fora aprobado.

O certo é que transcorrido boa parte do mandato, a transparencia brilla pola súa ausencia e a mediados de decembro apenas sabemos nada do orzamento para o ano 2022, polo que novamente resulta obvio que unha vez máis este non se aprobará en prazo.

Así as cousas, urxe máis ca nunca transparentar a elaboración dos orzamentos e o control sobre as accións do Goberno.

No que levamos de mandato aprobáronse tres orzamentos municipais. Todos eles con escasa ou nula participación dos grupos políticos da oposición, chegando a elevar a negociación á categoría de moción de confianza. Se iso fora pouco, ningún deles se aprobou nun prazo nin tan sequera razoable. Todo iso fixo que a recadación dos impostos aos veciños se teña convertido nunha excesiva carga fiscal non comparable cos servizos ou beneficios para os cidadáns.

Así, é necesario deseñar orzamentos realistas e transparentes. O Concello debe avanzar en políticas públicas de transparencia e participación dos representantes veciñais, polo que é preciso que transparente o proceso de elaboración do orzamento, como se fai nos órganos similares doutras institucións democráticas, como os parlamentos autonómicos, por poñer un exemplo próximo, establecendo un sistema de comparecencia e emendas que sexa realmente participativo.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a:

1. Crear unha Comisión especial de estudo dos orzamentos municipais para o ano 2022 na que comparezan cada un dos concelleiros e concelleiros do Goberno para informar da situación e das necesidades de cada departamento, nun formato que permita a formulación de preguntas e repostas na procura dunha maior claridade, así como a realización de achegas por parte dos grupos da oposición.
2. Elaborar un calendario para as comparecencias do concelleiros no prazo máximo dunha semana desde que se dispoña dun anteproxecto de orzamento.
3. Promover unha modificación URGENTE do Regulamento de organización do Pleno Municipal para introducir as comparecencias dos concelleiros como un deber para a futura tramitación dos orzamentos municipais, así como un sistema de emendas áxil e participativo.”

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal do BNG, para acrecentar o punto núm. 3 do acordo no seguinte senso:

“Promover unha modificación urgente do Regulamento de organización do Pleno municipal para introducir as comparecencias de concelleiras e concelleiros como un deber para a futura tramitación dos orzamentos municipais, así como a obriga de presentar os orzamentos das distintas concellarías nos consellos de participación sectoriais e escoitar e debater, con carácter preceptivo mais non vinculante, as súas achegas. Introducirase tamén na proposta un sistema de emendas áxil e participativo.”

Tras ser aceptada a emenda do BNG, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, do BNG e de CA (8 PP, 2 BNG e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno a:

1. Crear unha Comisión especial de estudo dos orzamentos municipais para o ano 2022 na que comparezan cada un dos concelleiros e concelleiras do Goberno para informar da situación e das necesidades de cada departamento, nun formato que permita a formulación de preguntas e repostas na procura dunha maior claridade, así como a realización de achegas por parte dos grupos da oposición.

2. Elaborar un calendario para as comparecencias do concelleiros no prazo máximo dunha semana desde que se dispoña dun anteproxecto de orzamento.

3. Promover unha modificación urgente do Regulamento de organización do Pleno municipal para introducir as comparecencias de concelleiras e concelleiros como un deber para a futura tramitación dos orzamentos municipais, así como a obriga de presentar os orzamentos das distintas concellarías nos consellos de participación sectoriais e escoitar e debater, con carácter preceptivo mais non vinculante, as súas achegas. Introducirase tamén na proposta un sistema de emendas áxil e participativo.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA REXEITAR A DERROGACIÓN OU MODIFICACIÓN DA LEI DE SEGURIDADE CIDADÁ QUE SUPÓÑA UN MENOSCATO DO LABOR DAS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO.

A proposición presentada con data 13 de decembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, aprobada durante a X Lexislatura por iniciativa do Goberno do Partido Popular, cumpre cunha finalidade esencial para o conxunto dos españois: crear un marco xurídico adecuado para protexer a seguridade cidadá e garantir o libre exercicio de dereitos e liberdades.

O Goberno PSOE - Unidas Podemos acordou derrogala introducindo emendas, no trámite correspondente, á Proposición de Lei sobre modificación de devandita Lei de Seguridade Cidadá que presentou o Grupo vasco do Congreso dos Deputados.

A actual Lei de Seguridade Cidadá foi consecuencia dunha reforma necesaria, conveniente e oportuna que deu resposta a unha demanda de amplos sectores da sociedade e, en concreto, das Forzas e Corpos de Seguridade.

España contaba entón cunha lei do ano 1992 que tras 23 anos estaba desbordada, reinterpretada e necesitaba unha revisión por varios motivos, como as esixencias sociais que reclamaban mellor protección das liberdades, a necesidade de ofrecer unha resposta apropiada a certos actos que quedaban impunes ou a necesidade dunha mellor cobertura e seguridade para as nosas Forzas e Corpos de Seguridade.

Coa nova Lei apostouse por dar maior protección ao dereito á reunión e manifestación pacífica e a sancionar mellor e de forma máis proporcional.

Do mesmo xeito, e isto é moi relevante, a Lei 4/2015 xurdiu fundamentalmente porque despois da modificación do antigo Código Penal de 1995, quedaran suprimidas as faltas, que pasaron a ser «infraccións administrativas» ou «delitos leves». Iso significou que moitos comportamentos, que antes da reforma do Código Penal estaban contempladas como faltas coa súa correspondente sanción, pasaron a selo só no ámbito administrativo.

Coa aprobación da Lei 4/2015, de ningún xeito se restrinxiron os dereitos de reunión, manifestación e folga, nin se lle outorgou á policía un poder excesivo, senón que se creou un marco adecuado para o traballo das Forzas e Corpos de Seguridade. A súa aplicación non xerou as graves consecuencias prognosticadas entón polos seus detractores e ningunha das negras predicións se cumpriu, senón que, ao contrario, se mostrou como unha boa Lei.

A aplicación desa Lei foi fundamental para a posta en marcha de medidas de control para evitar a extensión da pandemia da Covid e de feito, foi utilizada de forma habitual polo actual Goberno. Os ataques a esta Lei estiveron baseados en criterios puramente de desgaste político, con argumentos de manual partidista.

A Lei de Seguridade Cidadá é plenamente constitucional e así o confirmou a Sentenza de 19 de novembro de 2020 do Tribunal Constitucional, que rexeitou con contundencia os argumentos xurídicos que entón suscitou a oposición.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu apoio sen fisuras ao labor das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (FCSE), e por iso insta ao Goberno da Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

PRIMEIRO- Defender o mantemento da dignidade, intimidade e o principio de autoridade que a actual lexislación lles asegura ás forzas e corpos de Seguridade do Estado e que estas dispoñan dos medios materiais adecuados para o desempeño do seu labor.

SEGUNDO- Solicitar a retirada de calquera iniciativa de modificación da Lei de Seguridade Cidadá nos termos anunciados, que supoña un menoscabo da eficacia e da oportunidade do traballo das FCSE a prol de protexer a seguridade cidadá e garantir o libre exercicio de dereitos e liberdades que consagra a Constitución española.”

No transcurso do debate auséntase un momento o señor alcalde e preside a sesión a tenente de alcalde, dona Mercedes Rosón.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e 17 votos en contra correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG, polo que resulta rexeitada a presente proposición.

Faise un descanso cando son as 11:57 horas e volve a retomarse a sesión ás 12:17 horas.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA APLICAR AS MEDIDAS DO PACTO POLO RURAL.

O texto da proposición presentada con data 13 de decembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a aplicación das medidas do Pacto polo Rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2016, a Federación de Asociacións Veciñais do Rural de Santiago (Ferusa) reuniuse con todas as forzas políticas, que xa entón manifestaron o seu acordo para iniciar a andadura do Pacto polo Rural.

Así, en febreiro de 2019, a Ferusa presentou un informe sobre a urxencia do Pacto polo Rural nun acto público ao que asistiron todas as forzas políticas concorrentes ás eleccións locais de maio 2019, en que adquiriron o compromiso da súa aplicación. Meses despois, no Pleno de setembro de 2019, aprobouse impulsar o Pacto Local polo Rural.

Nace, así, o Pacto polo Rural que fixa o compromiso de todos os partidos políticos a respecto das accións mínimas a desenvolver no rural de Santiago nun horizonte temporal de oito anos, superando os períodos de catro anos dos mandatos e os tempos electorais, con fin de garantir a estabilidade mínima precisa.

Trátase dun Pacto polo Rural para ese período temporal de oito anos que ten como obxectivos prioritarios solucionar as carencias en servizos básicos e asegurar a conservación e mantemento da rede viaria. Para tal efecto, comprométese a destinar

integramente para o rural os fondos POS da Deputación da Coruña e, ademais, complementar esas actuacións con fondos propios así como os que poidan derivarse tanto dos convenios que se asinen con ese obxecto con outras administracións públicas e tamén con outros que se poidan obter a través dos procedementos concursais.

O Pacto polo Rural establece, ademais, outra serie de prioridades que o Concello de Santiago deberá acometer de xeito transversal, dentro dos orzamentos dos distintos departamentos ou ben grazas ás achegas doutras entidades, tales como axudas europeas, axudas de compensación da Xunta de Galiza e fondos do Estado.

O obxectivo era que no prazo de oito anos desde o compromiso do Pacto polo Rural de Santiago de Compostela, é dicir, no período que vai de 2020 a 2027, se consiga unha mellora significativa do estado actual do rural municipal, en atención ás prioridades expostas.

Deste xeito, determináronse 33 accións agrupadas en 7 bloques temáticos (ver anexo) e para garantir a consecución do obxectivo xeral deste Pacto polo Rural, así como a execución das accións nel incluídas, establececéronse medidas para garantir o seguimento e control do seu cumprimento.

Porén, transcorreron dous anos sen a posta en marcha do Pacto polo Rural, polo que cómpre encamiñar os Orzamentos municipais de 2022 e seguintes, xunto coas accións do Goberno local, á consecución das prioridades do asociacionismo veciñal para aqueles barrios e parroquias que carecen de servizos básicos como saneamento e abastecemento, recollida selectiva de residuos, liñas e frecuencias adecuadas de transporte urbano, sinalización e marquesiñas de autobús, accesibilidade, actividades socioculturais e medidas de conservación do patrimonio, entre outras, para conseguir un reequilibrio territorial e paliar o déficit histórico de investimentos.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Goberno local aplicará as medidas contidas no Pacto polo Rural a que se comprometeron en 2019 todos os grupos políticos coa Ferusa.”

Xa que logo o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que o Goberno local aplicará as medidas contidas no Pacto polo Rural a que se comprometeron en 2019 todos os grupos políticos coa Ferusa.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONSENSUAR COA VECIÑANZA O PROXECTO DAS OBRAS DOS CONCEIROS, CO FIN DE REDUCIR AS MOLESTIAS CAUSADAS E ADOPTAR UN PLAN DE AXUDAS DIRECTAS AOS ESTABLECEMENTOS AFECTADOS.

Con data 13 de decembro do corrente ano, foi presentada a presente proposición e que ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para consensuar coa veciñanza o proxecto das obras dos Concheiros, co fin de reducir as molestias causadas e adoptar un plan de axudas directas aos establecementos afectados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación veciñal “A Xuntanza” convocou os grupos municipais o pasado 1 de decembro para expoñerlles o malestar provocado pola falta de diálogo e participación no proxecto das obras de San Pedro e dos Concheiros, que están a causar prexuízos económicos para os establecementos comerciais e de hostalaría instalados nese barrio.

A veciñanza, tanto a da asociación veciñal como outras persoas a título particular e afectadas (especialmente do comercio e da hostalaría), expresou que non foi partícipe do proxecto e é contraria á substitución de pedra por formigón e asfalto, ao cambio de emprazamento da fonte do cruceiro de San Pedro e á colocación de lousado nas portas das vivendas. Ademais, está cansa da mala xestión polo ruído, falta de aparcamento e sucidade que provocan estas obras abertas durante meses nunha zona cun número tan elevado de residentes e de paso de peregrinos/as, por ser entrada do Camiño de Santiago.

O 12 de novembro xa organizaron un acto reivindicativo con cazolada, manifestación e vermú convocado pola veciñanza, locais comerciais e hostaleiros do barrio de San Pedro e dos Concheiros para trasladarlle ao alcalde a pésima xestión destas obras que ían concluír nesa data.

Ademais, o 2 de decembro trasladaron ao rexistro do Concello de Santiago de Compostela 535 sinaturas de reclamación e protesta pola descoordinación e atrasos destas obras dos Concheiros. Trátase dun escrito titulado “Fartas e fartos das obras dos Concheiros” con 10 problemas detectados.

Cómpre lembrar que o BNG xa reclamara no Pleno de febreiro abrir unha nova fase de diálogo coa veciñanza para introducir as modificacións necesarias no proxecto de reurbanización dos Concheiros, as Fontiñas e Home Santo, onde primasen a accesibilidade e a mellora da paisaxe urbana.

En setembro, outra iniciativa do BNG que foi aprobada no Pleno foi destinada á creación dun plan de reactivación económica para zonas afectadas por obras, en consenso cos sectores afectados como comercio e hostalaría.

No mes de novembro, o BNG volveu reclamar no Pleno o cumprimento dese plan de reactivación económica para os sectores afectados polas obras dos Concheiros, así como para dar conta do malestar xerado polos meses de demora e sucesivas prórrogas e pola enorme descoordinación na xestión.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Goberno local abrirá unha canle de diálogo coa asociación veciñal “A Xuntanza” e coa veciñanza da zona en xeral para consensuar o que resta do proxecto de obras dos Concheiros, así como os materiais a empregar e a revisión das calidades antes de recepcionar os traballos.

2. O Goberno local adoptará todas as medidas necesarias para minimizar as molestias causadas á veciñanza en canto a ruído, po, tránsito peonil e accesos a vivendas e establecementos comerciais e hostaleiros.

3. O Goberno local porá en marcha un plan de reactivación económica para os sectores afectados polas obras dos Concheiros, como reclama a asociación veciñal “A Xuntanza”.

Rematado o debate, que se fixo conxuntamente coas mocións 6 e 8, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que o Goberno local:

1. Abrirá unha canle de diálogo coa asociación veciñal “A Xuntanza” e coa veciñanza da zona en xeral para consensuar o que resta do proxecto de obras dos Concheiros, así como os materiais a empregar e a revisión das calidades antes de recepcionar os traballos.

2. Adoptará todas as medidas necesarias para minimizar as molestias causadas á veciñanza en canto a ruído, po, tránsito peonil e accesos a vivendas e establecementos comerciais e hostaleiros.

3. Porá en marcha un plan de reactivación económica para os sectores afectados polas obras dos Concheiros, como reclama a asociación veciñal “A Xuntanza”.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA ABORDAR A PROBLEMÁTICA DAS PERSOAS SEN FOGAR NA CIDADE.

Con data 13 de decembro do corrente ano, foi presentada a proposición do epígrafe que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno.

O proxecto do acordo procura que se avalíe o grao de cumprimento do ‘Plan Municipal de Atención Integral ás Persoas en Situación de Senfogarismo de Santiago’ no Consello Municipal da Saúde así como que para que o goberno local realice unha dación de

contas sobre as súas actuacións en relación ás persoas en situación de senfogarismo na nosa cidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No mandato municipal anterior o Concello de Santiago elaborou un 'Plan Municipal de Atención Integral ás Persoas en Situación de Senfogarismo de Santiago' que foi aprobado polo Consello Municipal de Saúde, así como pola Xunta de Goberno e o Pleno da Corporación. Este documento foi o primeiro plan destas características elaborado por unha administración local de Galicia, recollendo o encargo da Estratexia Estatal Integral para as Persoas sen Fogar 2015-2020, e co obxectivo de fixar formalmente un itinerario de actuación para a prevención e abordaxe das diferentes situacións e circunstancias que condicionan a aparición ou o mantemento do senfogarismo.

A clave do Plan era a construción dunha cimentación, o máis sólida posible, para que nos seguintes anos se mellorara a abordaxe e prevención do senfogarismo desenvolvendo políticas públicas. Tal e como recollía o documento aprobado, *"a presenza e finalización do Plan coloca á capital de Galicia na vangarda da prestación de servizos sociais públicos para garantir os dereitos fundamentais das persoas sen fogar"*. Nese sentido, trataba de completar accións que se viñan desenvolvendo, como os pisos de saída seguindo o modelo "housing first", ou os equipos de rúa que se manteñen con convenios con Feafes e Cruz Vermella.

Nesta liña, a abordaxe do senfogarismo que se debiera estar implementando desde o Concello de Santiago tería que partir de dous puntos esenciais: por unha banda, a garantía dos dereitos humanos, do dereito á vivenda e a saúde; e por outra, dun achegamento participado do senfogarismo, por canto os elementos esenciais do Plan tiñan sido comunicados, acordados e traballados co conxunto das entidades que participan na prestación de servizos sociais do municipio ao colectivo de persoas nesta situación.

Como parte da estratexia, o Plan Municipal de Atención Integral ás Persoas en Situación de Senfogarismo de Santiago atendía a unha das principais necesidades detectadas na cidade, e contemplaba un recurso habitacional individualizado de media estadía, como modo de transición a solucións habitacionais a longo prazo. O Centro Municipal de Atención Integral ás Persoas sen Fogar, deseñado a partir dun proceso participado, prevía contar con 17 habitacións individuais nas que as persoas usuarias poderían ter unha estancia de ata 18 meses, ofrecería atención ás necesidades básicas (hixiene, alimentación, descanso...) e contaría tamén con servizos de acompañamento psicosocial ou programas formativos e ocupacionais. Este recurso, que se localizaría en Belvís, sería, en definitiva, quen lideraría e coordinaría a abordaxe do senfogarismo en Compostela, a través de diferentes liñas estratéxicas de actuación.

A primeira desas liñas era a creación dun Servizo Municipal de Atención ao Senfogarismo, cun equipo responsable do desenvolvemento e coordinación das accións municipais neste eido, así como da cooperación con outras administracións con

competencias en materia de vivenda e saúde. Entre outras accións, propúñase levar a cabo un estudo específico sobre a muller en situación de senfogarismo en Santiago, ou activar a Mesa Xeral de Atención a Persoas en Situación de Senfogarismo, coa finalidade de coordinar as accións do Concello na materia.

A segunda liña estratéxica centrábase na "Prevención do senfogarismo e atención continuada ás persoas en situación de senfogarismo", e tiña como finalidade ofertar dende o Concello unha serie de servizos de intervención psicosocial e educativa, dirixida á orientación e ao acompañamento, así como crear un servizo de asesoramento en materia de vivenda para aquelas persoas con recursos limitados. Unha terceira liña de actuación estaba dedicada á "Formación e sensibilización relacionada co senfogarismo", e propuña fomentar a formación mutua entre Servizos Sociais Comunitarios e entidades sociais do municipio, coa realización de talleres auto-formativos ou de posta en común de metodoloxías e abordaxes. Na liña do anterior buscábase fomentar a formación de persoal de saúde, persoal de xulgados e tribunais, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e centros de ensino en materias sociais, en relación coa situación de senfogarismo. Por último, fixébase unha cuarta liña estratéxica que incluía programas específicos para abordaxes e o reforzo dos cadros de persoal dos Servizos Sociais, con profesionais de traballo social, psicoloxía, educación social e integración social.

En definitiva, cando o actual goberno comezou o seu mandato existían un Plan e unha estratexia clara para abordar esta problemática, que é evidente se gardou nun caixón e pouco ou nada se fai ao respecto. Só hai que dar un paseo pola cidade para recoñecer que o problema do senfogarismo non desapareceu. Incluso pode parecer que aumentou, e de feito é habitual a presenza de persoas asentadas en San Lourenzo na beira do Sarela, en varios portais do Ensache, nas Praterías, na Dársena de Xoán XXIII, e en outros moitos puntos de Santiago. Aínda que agora xa non ocupa titulares de prensa nin reportaxes televisivas, o senfogarismo continúa a ser un dos grandes atentados contra a dignidade das persoas máis vulnerables, que tamén cuestiona a nosa responsabilidade colectiva na procura da xustiza social e a garantía dos dereitos humanos para que todas as persoas se poidan desenvolver autonomamente.

Nos dous anos e medio do actual goberno, só sabemos que se desbotou o Centro Municipal de Atención Integral ás Persoas sen Fogar, que ía ser financiado con fondos europeos. E que o Plan aparece mencionado, co centro incluído, na web que o goberno local ten sobre a Axenda 2030, mais sobre a súa implementación existen poucas noticias por non falar dun descoñecemento total.

Unha falta de iniciativa política que é moi preocupante nun tema tan sensible e de tanta importancia para as persoas en situación de vulnerabilidade extrema que viven na rúa, pero tamén un problema que interpela ao conxunto da cidadanía compostelá. Unha problemática que sempre é preocupante mais que se agravou enormemente por causa da pandemia da Covid-19. Se antes urxían actuacións, agora estamos nunha situación de emerxencia social moito máis grave.

Por todo isto, e tendo en conta a pasividade do goberno local diante da grave problemática de senfogarismo que actualmente sofren moitas persoas en Santiago, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao goberno local a:

1. Convocar o Consello Municipal da Saúde cun punto monográfico a tratar sobre as actuacións municipais en materia de senfogarismo e nomeadamente sobre o grao de implementación das liñas estratéxicas do 'Plan Municipal de Atención Integral ás Persoas en Situación de Senfogarismo de Santiago'.
2. Dar conta de cantas persoas están nesta situación, cantas durmen na rúa, cantas en recursos habitacionais e en que lugares ou equipamentos, así como das medidas que está a tomar o Concello.
3. Diseñar e implementar unha campaña de accións de sensibilización da poboación compostelá en relación ao senfogarismo e de como esta problemática vulnera os dereitos humanos e a dignidade das persoas."

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular, que non foi aceptada por CA.

Ausentouse durante o debate a concelleira, Dona Branca Novo Rey.

Xa que logo, rematado o debate o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (4 CA e 2 BNG) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda instar ao Goberno local a:

1. Convocar o Consello Municipal da Saúde cun punto monográfico a tratar sobre as actuacións municipais en materia de senfogarismo e nomeadamente sobre o grao de implementación das liñas estratéxicas do 'Plan Municipal de Atención Integral ás Persoas en Situación de Senfogarismo de Santiago'.
2. Dar conta de cantas persoas están nesta situación, cantas durmen na rúa, cantas en recursos habitacionais e en que lugares ou equipamentos, así como das medidas que está a tomar o Concello.
3. Diseñar e implementar unha campaña de accións de sensibilización da poboación compostelá en relación ao senfogarismo e de como esta problemática vulnera os dereitos humanos e a dignidade das persoas.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A CORRECTA REGULACIÓN DA MÚSICA EN VIVO NOS LOCAIS DA CIDADE.

Reincorpórase á sesión a concelleira, Dona Branca Novo Rey.

O texto da proposición presentada con data 13 de decembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura que o goberno municipal resolva a problemática da música ao vivo nos locais da zona vella, que afecta á singularidade e riqueza cultural de Santiago así como a moitas familias e pequenos negocios de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No anterior mandato municipal, o Concello de Santiago modificou a ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, así como a ordenanza reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas. Tratouse dunha actualización para a adaptación de ambas normativas á nova *Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*. A modificación desta normativa municipal relacionada co desenvolvemento de espectáculos públicos tiña como obxectivo a simplificación da tramitación administrativa, así como manter a singularidade e a identidade cultural de Santiago e a súa actividade musical.

Así, eliminouse o requirimento dunha superficie mínima esixible para cada categoría de local de hostalería, para garantir que non haxa ningunha discriminación no acceso ás actividades de servizos. Tamén se permitiu a utilización de aparellos de amplificación ou altosfalantes nos establecementos con licenza de bar ou cafetería, para permitir a amenización ou ambientación musical por medios técnicos ou con voz e música en directo con ou sen amplificación sempre que non se superen os niveis máximos de inmisión, emisión e recepción previstos no decreto de contaminación acústica de Galicia; eliminando a distinción que existía ata aquel momento entre a música ao vivo e a música gravada, para manter unicamente o condicionante do nivel de decibelios permitido.

Contra este recoñecemento da música ao vivo nos locais como unha singularidade cultural e unha riqueza de Santiago de Compostela, a Xunta interpuxo un recurso no TSXG. Con esta actuación, xudicializouse unha cuestión de vital importancia para a cidade, en vez de optarse pola vía do diálogo entre administracións, nin cando se fixo pública a intención do goberno local de modificar a ordenanza, nin no período de alegacións posterior á súa aprobación inicial.

En Outubro do 2020, o TSXG estimou o recurso contencioso-administrativo da Xunta de Galicia contra a modificación da ordenanza e declarou a nulidade do artigo 44.6 e da disposición transitoria 3ª, poñendo seriamente en perigo a riqueza cultural e musical de

Santiago de Compostela e agravando a crise de moitos locais composteláns xa en situación precaria de por sí, por causa da crise da Covid-19.

Diante desta situación, e observando a pasividade do actual goberno local, o grupo municipal de Compostela Aberta propuxo no Pleno ordinario de decembro de 2020 que se aprobara unha moción para instar á Xunta e ao Parlamento galego a recoñecer a singularidade cultural de Santiago de Compostela. Con 17 votos a favor (CA, PSOE e BNG) e 8 abstencións (PP) o acordo aprobado foi o seguinte:

- 1. O Pleno do Concello de Santiago recoñece a música ao vivo nos locais de Compostela como unha riqueza da cidade que singulariza no contexto galego e europeo.*
- 2. Instar á Xunta de Galicia a recoñecer esta riqueza cultural e musical de Santiago a través dunha modificación normativa que permita manter a singularidade cultural da nosa cidade.*
- 3. Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia así como ao tecido cultural de Santiago e á FEGAMP.*

No transcurso daquel debate plenario, a concelleira Mercedes Rosón manifestou o malestar do goberno local porque o Concello de Santiago presentara alegacións, no seu momento, á proposta de novo catálogo de espectáculos da Xunta de Galicia, sen que constara aínda resposta ningunha por parte da administración galega.

A moción fora motivada pola estimación do TSXG do recurso contencioso-administrativo que a Xunta de Galicia tiña presentado contra a modificación da ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, aprobada durante o anterior mandato municipal. A decisión do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia supuxo declarar a nulidade do artigo 44.6 e da disposición transitoria 3ª desa ordenanza municipal, poñendo seriamente en perigo a riqueza cultural e musical de Santiago de Compostela e agravando a crise de moitos locais composteláns xa en situación precaria de por sí, por causa da crise da Covid-19.

Tendo en conta todo o anterior, e tal que como apuntou no Pleno a propia concelleira de Cultura e Urbanismo recoñecendo que esta problemática necesita dunha “urxente solución”, o 8 de outubro de 2021 o grupo municipal de Compostela Aberta, presentou as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito, que a día de hoxe continúan sen ser respostadas por parte do goberno, vulnerándose todos os prazos establecidos no regulamento orgánico municipal:

-Case dez meses despois, que trámites ou traballos ten levado adiante o Concello de Santiago para cumprir cos acordos plenarios aprobados en decembro de 2020?

-No relativo aos puntos 2 e 3 do citado acordo Plenario, cónstalle ao Goberno local que Xunta, Parlamento ou FEGAMP teñan iniciado algún trámite ou traballo para realizar as modificacións normativas precisas que recoñezan a singularidade cultural de Santiago?

-Ten o Concello de Santiago realizado algún trámite, petición ou simplemente comunicación coa Xunta de Galicia relativa á aprobación do novo catálogo durante o presente ano de 2021.

-Ten constancia o goberno local de que a falta dunha “urxente solución” -en palabras da concelleira- teña provocado algunha prexuízo ou perda de oportunidade para os locais e salas de Santiago?

-Ten o goberno local recoñecido ou facilitado o recoñecemento de actividades puntuais ou de carácter excepcional celebradas dentro do termo municipal?

Así, van pasando os meses, concretamente 30 desde que comezou o actual mandato municipal, e xa un ano enteiro desde que o Pleno tratou esta problemática que afecta á riqueza musical de Santiago, e a moitos locais da zona histórica. Unha inacción que mantén ao sector paralizado e en vilo diante do futuro de moitos negocios e familias da cidade, alén do que supón para a riqueza cultural e musical de Santiago de Compostela como capital do país.

Dous anos e medio do actual goberno, e máis dun ano desde que se coñece a sentenza, parece tempo suficiente para que o goberno municipal estude outras alternativas como por exemplo as que xa veñen recollidas na LEI 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, nos seu *Artigo 41 bis. Actividades exentas de declaración responsable, de licenza municipal e de autorización autonómica* o punto 2 recolle literalmente:

2. As ordenanzas municipais poderán establecer xustificadamente supostos concretos de espectáculos públicos e actividades recreativas exceptuados do réxime de declaración responsable cando pola súa escasa entidade ou incidencia non sexa precisa a indicada declaración para a protección da orde pública, seguridade pública, saúde pública e medio ambiente.

O que lle daría marxe ao Concello de Santiago para elaborar unha nova ordenanza municipal adaptándose á actualización da Lei e á sentenza do propio TSXG.

Por todo o anterior, e co ánimo de tentar conseguir que o goberno municipal abandone a súa parálise neste tema, desde que o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Pleno insta ao goberno local a:

1. Impulse a elaboración dunha nova ordenanza municipal que viabilice a música ao vivo nos locais de Santiago de Compostela.

2. Que cumpra co acordo plenario de decembro de 2020 no que se recoñeceu a música ao vivo nos locais de Compostela como unha riqueza da cidade que singulariza no contexto galego e europeo e inste á Xunta de Galicia a recoñecer esta riqueza cultural e musical de Santiago a través dunha modificación normativa que permita manter a singularidade cultural da nosa cidade.”

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular, non sendo aceptada por Compostela Aberta.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda instar ao Goberno local a:

1. Impulsar a elaboración dunha nova ordenanza municipal que viabilice a música ao vivo nos locais de Santiago de Compostela.

2. Cumprir co acordo plenario de decembro de 2020 no que se recoñeceu a música ao vivo nos locais de Compostela como unha riqueza da cidade que singulariza no contexto galego e europeo e inste á Xunta de Galicia a recoñecer esta riqueza cultural e musical de Santiago a través dunha modificación normativa que permita manter a singularidade cultural da nosa cidade.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido entre o 19 novembro ao 9 decembro.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2021/00046883K

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 25 de outubro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00047442M

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 25 de outubro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00048367X

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00049529E

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00050757P

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 11 de novembro de 2021 (ás 13:40 h.).

ASUNTO XGL/2021/00050891G



PLE/2021/00057342S

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 11 de novembro de 2021 (ás 14:55 h.).

ASUNTO XGL/2021/00051004W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 12 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00051005A

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00051804C

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 17 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00052261V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 19 de novembro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00052271G

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 22 de novembro de 2021.

11. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN.

Interpelación:

1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre os pregos e a licitación da xestión da rede de centros socioculturais.

Rogos:

1.- Presentado polo grupo municipal do BNG para iluminar os accesos ao Museo do Pobo Galego e a rúa do Home Santo.

2.- Presentado polo grupo municipal do BNG para reclamarlle ao Goberno do Estado un redeseño da pasarela da estación intermodal adecuado á climatoloxía de Santiago.

3.- Presentado polo grupo municipal do BNG para mellorar a seguranza viaria no barrio de Sar.

Preguntas resposta oral:

1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a convocatoria de axudas para profesionais e asociacións culturais.

2.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a adxudicación do contrato do servizo de mantemento e conservación dos sistema de control, regulación e xestión do tráfico.

3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre un plan de poda de árbores

4.- Presentada polo grupo grupo municipal do PP sobre o procedemento para a instalación de cámaras en fachadas privadas.

5.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a situación da revisión do PE da cidade histórica.

6.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o estado do expediente para a licitación do novo plan de mobilidade urbana sostible.

7.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a execución orzamentaria do departamento de xuventude.

8.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a posible instalación dun vertedoiro na parroquia de Nemenzo.

9.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre as accións para impedir o paso de vehículos de gran tonelaxe polo viario de acceso ao vertedoiro de Miramontes.

Preguntas resposta escrita:

1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre horarios de apertura de instalacións deportivas.

2.- Presentada polo grupo municipal do PP en relación ao aboamento de prezos públicos regulados na ordenanza 4.27.

3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o prego de contratación da xestión da rede de centros socioculturais.

Faise un descanso da sesión cando son as 14:32 horas despois do debate da interpelación e volve a retomarse a sesión ás 16:02 horas, reincorporándose a totalidade

dos/as concelleiros/as, agás o señor interventor.

12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Inclúese por urxencia unha moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, relativa a cumprimento sentenza, e a moción presentada por CA para dar apoio ás reivindicacións dos traballadores do servizo de axuda ao fogar, foi transformada en moción conxunta de todos os grupos políticos municipais.

Os textos das mocións presentadas polos grupos políticos son as que a continuación se transcriben:

MOCIÓN PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE NO TRAMO INFERIOR DA RÚA BISPO TEODOMIRO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para incluír nos Orzamentos de 2022 unha partida para a redacción dun Estudo de detalle para garantir a accesibilidade a todos os edificios da rúa do Bispo Teodomiro e a reurbanización da zona para gañar calidade de vida para a veciñanza deste barrio compostelán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tramo inferior da rúa do Bispo Teodomiro ten edificios construídos na década de 1970 onde residen arredor dun cento de persoas e, na actualidade, é unha vía con moito tránsito que presenta evidentes problemas de accesibilidade, ao estar configurada mediante 10 tramos de escaleiras onde cada descanso é o acceso a portal de vivendas cunha altura media de entre 6 e 7 andares.

Esta zona conecta o primeiro tramo da rúa Batalla de Clavijo coa avenida Quiroga Palacios a través de plataformas intermedias, cunha escaleira que presenta unha pendente non excesivamente pronunciada e unha sección de aproximadamente 4,25 m. O outro lateral está pechado polo muro que define a parcela do Seminario Menor. No extremo da rúa Batalla de Clavijo, a beirarrúa vese invadida por numerosos chanzos que, dada a configuración e estreiteza, non acolle adecuadamente os fluxos que aquí se entrecruzan, segundo se recolle no proxecto municipal de viais e beirarrúas da Batalla de Clavijo e anexas de setembro de 2017.

Ademais, a iluminación é aérea e alimenta farolas murais obsoletas e sobredimensionadas. De acordo con información do servizo de Alumeado do Concello é necesario cambiar o Centro de Mando (CM) emprazado no interior da torre do Centro de Transformación (CT) situado na parcela do Seminario Menor, tal e como recolle ese proxecto.

Segundo trasladou a veciñanza, faise necesario adoptar unha solución ao acceso interior dos edificios mediante ascensores situados no exterior dos inmóbeis, do mesmo xeito que a supresión das barreiras arquitectónicas na propia rúa de acceso.

De feito, xa hai familias que tiveron que marchar deste barrio cando tiveron as súas crianzas e tamén persoas maiores con problemas de mobilidade, porque non podían saír e entrar das súas vivendas por existir eses tramos de escaleiras que ocasionan falta de accesibilidade.

O Concello de Santiago debe garantir o acceso universal ás infraestruturas, dotacións, equipamentos e servizos de acordo co establecido en distintas normas como a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galiza, e o Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Á comunidade de propietarios/as do edificio de Bispo Teodomiro, 2, denegóuselle o proxecto para a instalación dun ascensor exterior, presentado en xullo de 2019 cun orzamento de 98.175 euros. Neste proxecto indicábase que non ían variar ningún parámetro das condicións de edificación existentes no inmóbel, unicamente incorporando na fachada principal o espazo imprescindible para o emprazamento do ascensor, nunha zona destinada actualmente a descanso entre tramos de escaleiras.

De acordo co PXOM, o edificio en que se pretendía instalar o ascensor para dotalo de accesibilidade vertical está clasificado dentro da ordenanza 2 Cuarteirón. Esta ordenanza comprende áreas exteriores da Cidade histórica consolidadas en formación de cuarteirón, así como determinadas pezas de acabado da cidade, tal e como se delimita en planos de ordenación.

Porén, emitiuse un informe negativo do departamento de Urbanismo de decembro de 2019 coa xustificación de que esta actuación debería encadrarse nunha intervención conxunta que permita facer posíbel o acceso a cada un dos portais e establecer o emprazamento e formalización de cada unha das construcións que alberguen os ascensores.

Isto evidencia que cómpre unha intervención nesta zona situada no borde do ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade histórica PE-1, para o que é necesaria a redacción dun Estudo de detalle para garantir a accesibilidade a todos os edificios da rúa do Bispo Teodomiro e a reurbanización da zona para gañar calidade de vida para a veciñanza deste barrio compostelán.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno local incluíra nos Orzamentos de 2022 unha partida para a redacción dun Estudo de detalle para resolver as deficiencias detectadas, reconfigurando espazos para garantir a accesibilidade a todos os edificios da rúa do Bispo Teodomiro e a reurbanización da zona para gañar calidade de vida para a veciñanza deste barrio compostelán.

MOCIÓN PARA RECLAMAR O MANTEMENTO DA MÉDICA PEDIATRA ADSCRITA AO CENTRO DAS GALERAS A XORNADA COMPLETA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para reclamarlle ao Goberno da Xunta o mantemento da xornada completa da médica pediatra adscrita ao centro de saúde das Galeras, en Santiago de Compostela, co obxectivo de garantir a calidade deste servizo público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde das Galeras, en Santiago de Compostela, contaba até o 3 de decembro cunha pediatra a tempo completo para a atención médica infantil e adolescente deste barrio e de residentes na contorna da Cidade histórica, fundamentalmente.

O Goberno da Xunta de Galiza, no seu afán da última década de recortar servizos públicos para reducir custos e persoal co obxectivo de fomentar que se deriven ás consultas dos centros sanitarios privados, vén de reducir o horario desta prestación básica en Santiago de Compostela.

Así, a mesma pediatra pasa a ter asignado horario de 8:00 a 10:00 para a atención no centro de saúde de Bembribe, no Val do Dubra, e a partir das 10:30 no centro de saúde das Galeras, situado a 23 quilómetros. Esta medida provoca problemas de conciliación familiar e laboral para a veciñanza de ambas as localidades afectadas.

Precisamente, na primeira faixa horaria que se prestaba no centro de saúde das Galeras desde as 8:00 correspondíase coas urxencias pediátricas e, ao remate, a profesional tiña citas asignadas durante a xornada completa. Con esta redución de horario vai empeorar a calidade deste servizo público nunha etapa vital de importancia para a prevención, diagnóstico e atención de doenzas infantís, para os 767 nenos e nenas que teñen a tarxeta sanitaria adscrita ao centro de saúde das Galeras. Esta situación pode agravarse durante épocas de pandemias e brotes de doenzas entre as crianzas, que se producen con frecuencia.

Por tratarse dun piar básico para a saúde infantil, o Sergas debe manter a atención de pediatras con criterios para que haxa unha boa calidade deste servizo fundamental seguindo as características demográficas e epidemiolóxicas, ademais de facilitar os horarios para as familias que deben levar as crianzas a este centro sanitario.

De feito, a existencia de pediatra nun centro de saúde é un factor determinante para o asentamento de poboación, algo clave na aposta por revitalizar a contorna e a propia da Cidade histórica.

Colectivos como a Plataforma de Galeras, a comunidade educativa do CEIP Raíña Fabiola e a asociación veciñal Fonseca xa se manifestaron contrarios a esta decisión da Xunta de querer aforrar neste tipo de profesionais da sanidade, o que demostra a falta de sensibilidade do Goberno do PP coas familias con crianzas desta idade que é, precisamente, cando máis necesitan unha atención próxima e especializada.

Ante a reacción social da imposición deste recorte horario, desde o Sergas apuráronse a destacar que incorporan unha enfermeira pediátrica no centro de saúde das Galeras, unha función antes desenvolvida por un profesional sen esta especialización; mais isto non suple as carencias, evidentemente.

Ante este recorte de dereitos na atención sanitaria, é necesaria a convocatoria urxente do Consello municipal de Saúde co fin de demandarlle á Xunta, mediante unha posición común de defensa dos intereses da cidade, o mantemento da xornada completa de Pediatría no centro de saúde das Galeras, ademais de analizar e buscar solucións a outros temas que afectan á área sanitaria de Compostela.

Fronte a este recorte, cómpre lembrar que nos Orzamentos do Sergas hai unha partida consignada de 738.534 euros para persoal relixioso católico nos hospitais sanitarios públicos, ao abeiro dun acordo marco do Estado coa Santa Sé e dun convenio de 1995 da Xunta coas Dióceses galegas mediante o que os sacerdotes dependen das xerencias sanitarias en materia de organización. Así, constan 53 capeláns no anexo de persoal dos Orzamentos da Xunta para 2022, dos que 9 están adscritos á área sanitaria de Santiago de Compostela cunha partida de 124.066 euros para 2022.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1) O Pleno da Corporación municipal de Santiago de Compostela, na defensa da saúde pública e universal, reclámalle ao Goberno da Xunta o mantemento da xornada completa da médica pediatra adscrita ao centro de saúde das Galeras para manter a calidade deste servizo.

2) O Goberno local convocará, de xeito inmediato, o Consello Municipal de Saúde para tratar estes e outros temas vinculados coa situación sanitaria na cidade.

MOCIÓN PARA A PLANIFICACIÓN DE MELLORAS NOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO QUE RECLAMA A FEDERACIÓN DE ANPA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para desenvolver unha planificación de acordo coa comunidade educativa e coa FANPA para solucionar os problemas derivados do modelo de servizo externalizado dos comedores escolares e falta dun proxecto educativo municipal, da mobilidade e falta de seguranza viaria na contorna dos centros de ensino, da necesidade de renovar o mapa escolar, da falta de dotación de profesorado, do programa das actividades de conciliación e da necesidade de que exista un de actividades extraescolares, así como das diversas obras pendentes nos centros de ensino públicos de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo municipal do BNG mantivo unha reunión coa nova directiva da Federación de Asociacións de Nais e Pais de Compostela (FANPA) en que advertiron da necesidade de maior diálogo e cumprimento de acordos por parte do Goberno local do Concello de Santiago.

En concreto, no referido aos comedores escolares, e mentres non sexa posíbel a transferencia á Xunta de Galiza, o Goberno local continúa sen publicar o prego do novo contrato do servizo de comedores escolares que expira en xaneiro de 2022 e descoñécese se vai incluír as melloras na calidade alimentaria e organizativa que propón a FANPA. Trátase de optar por unha mudanza de modelo e de apostar por posuír un proxecto educativo municipal ou entender os comedores como un simple servizo de manutención, e sen a calidade que merece a comunidade educativa.

O BNG xa trasladou en diversas ocasións a súa preocupación pola demora en sacar o concurso de comedores escolares, pois actualmente se manteñen cunha prórroga á empresa concesionaria que causou problemas na subministración de menús nas escolas e da que existen queixas pola baixa calidade da alimentación.

No Pleno de xullo aprobouse unha moción do BNG para que o Goberno local estableza unha planificación, en diálogo coas ANPA, para incluír no prego de contrato un novo de modelo de comedores escolares condicións que aposten pola alimentación saudábel, os produtos de proximidade, a garantía do acceso universal, a experiencia piloto da cociña no propio centro, a fragmentación por lotes especializados e o pagamento por anticipado.

Tamén se referiron aos problemas de mobilidade e falta de seguranza viaria na contorna dos centros de ensino, á necesidade de renovar o mapa escolar, á falta de dotación de profesorado, á pésima planificación das actividades de conciliación e extraescolares e tamén a diversas obras pendentes nos centros de ensino.

En canto aos problemas existentes de seguranza viaria e ordenación do tráfico, destacan a necesidade de realizar un Plan de mobilidade que inclúa o sistema de Colecamiños nos centros escolares. Cómpre habilitar zona de paso, medidas para a redución de velocidade, sinalización dos pasos de peóns, melloras nos espazos de

estacionamento do transporte escolar e recordar que non se pode aparcar enriba de beirarrúas para poder facilitar o tránsito peonil nin deixar os vehículos privados nas zonas reservadas para os autobuses, como acontece na actualidade.

Cómpre tamén unha revisión do Mapa escolar, un tema que xa foi aprobado a través dunha iniciativa do BNG en febreiro de 2021 e que segue sen se actualizar. Cómpre lembrar que para a aprobación da “modificación de zonas de escolarización é preceptiva a convocatoria do Consello Municipal de Educación, ademais de consultar tamén o Consello Escolar Municipal, onde está representada a comunidade educativa local.

De feito existe a necesidade de incrementar alumnado e profesorado, ademais de espazos no IES Lamas de Sar, CEIP de Roxos, CEIP Monte dos Postes e das Fontiñas. Así, o BNG xa trasladou a proposta para que o Concello de Santiago poña a disposición da Xunta un terreo municipal para construír un novo centro de ensino -en Lamas de Abade ou na localización que se determinar- co fin de que poida atender a demanda existente e evitar o desprazamento a outros centros de ensino.

Tamén se produciron mobilizacións ante o recorte de profesorado e o feito de que a Xunta optase por compartir profesores en itinerancia entre o CEIP Monte dos Postes e das Fontiñas. Na actualidade vense afectadas tres prazas dun titor, de Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, para o que requiren a asignación de docentes a tempo completo e que se respecten as características destas prazas tal como aparecen nos catálogos destes centros de ensino.

É necesaria tamén a ampliación de prazas para persoas con diversidade funcional, como reclama a ANPA da Barcia, e darlle continuidade á formación de alumnado maior de 21 anos con necesidades especiais.

En canto á falta de programación das actividades extraescolares e os continuos vaivéns e mudanzas nas de conciliación, que en ningún caso son suficientes, nin cuantitativa nin cualitativamente, o Goberno local está a provocar que se favorezan os modelos privados e relixiosos e se deixe sen este dereito de actividades públicas municipais de conciliación a numerosas familias. É necesario un modelo de actividades de conciliación para evitar seguir a dar pasos atrás nos servizos públicos e en materia de fomento da igualdade de oportunidades para a infancia, cando o PSOE en campaña electoral se comprometera a reforzar os programas de lecer nos fins de semana e nos períodos de vacacións.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Goberno local convocará de xeito inmediato o Consello Municipal de Educación para tratar a problemática obxecto desta moción.



PLE/2021/00057342S

2. O Goberno local desenvolverá unha planificación de acordo coa comunidade educativa e coa FANPA para solucionar os problemas derivados do servizo externalizado dos comedores escolares, da necesidade de renovar o mapa escolar, da mobilidade e falta de seguranza viaria na contorna dos centros de ensino, da falta de dotación de profesorado, do programa das actividades de conciliación e da necesaria dotación de actividades extraescolares e das diversas obras pendentes nos centros de ensino públicos de Santiago de Compostela.

MOCIÓN PARA A CESIÓN DUNHA PARCELA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE DÍA NAS FONTIÑAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para realizar as xestións oportunas coa Xunta para a cesión dunha parcela co fin de cumprir o acordo para a construción e posta en funcionamento dun centro de día público no ámbito do Plan parcial das Fontiñas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno de novembro de 2019 aprobou unha moción do BNG (cos votos a favor de BNG, PSOE e CA e a abstención do PP) para instar a Xunta á construción e posta en funcionamento dun centro de día público no barrio das Fontiñas.

Porén, non se coñecen avances destas xestións por parte do Goberno local nin tampouco a intención da Xunta para a realizar, á vista de que non se incluíu partida ningunha nos Orzamentos de 2020, 2021 nin 2022 para a construción deste centro de día.

As Fontiñas precisa deste centro de día para dar servizo ás persoas maiores e dependentes que residen neste barrio transformado hai máis de 25 anos coa construción deste polígono de vivendas, pois xa hai máis de 17.000 habitantes censados nesa zona na actualidade.

Na iniciativa do BNG propúñase o emprazamento deste centro de día na parcela DOC-15, que dispón de 3.000 m², do Plan parcial das Fontiñas e que primeiramente ía ser destinada á construción dunha residencia de maiores. De feito, en xullo de 2018, Alcaldía e Xunta asinaron un convenio para a cesión desa parcela das Fontiñas onde estaba previsto construír a nova residencia para maiores en Santiago que ía contar con 150 prazas. O 14 de outubro de 2018 aprobouse esta cesión do terreo en Xunta de Goberno local.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela realizará as xestións necesarias coa Xunta para a cesión dunha parcela co fin de cumprir o acordo para a construción e posta en funcionamento dun centro de día público no ámbito do Plan parcial das Fontiñas.

MOCIÓN SOBRE A REUTILIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DAS CABINAS TELEFÓNICAS PÚBLICAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado mandato, o Grupo Popular presentou á consideración do Pleno un acordo para o estudo, deseño e, se procede ou no seu caso, posta en marcha de medidas para a implantación de novos servizos de uso gratuíto e de interese social aproveitando o emprazamento e a infraestrutura das cabinas telefónicas públicas, que se atopaban en desuso ou próximas á súa desaparición, no termo municipal de Santiago de Compostela ao igual que acontece na maior parte do Estado.

Daquela aludiamos á constatación do escaso uso deses terminais públicos, motivado polo auxe dos teléfonos móbiles, que estaba a ocasionar o seu progresivo abandono e deterioro. Con carácter xeral, non resultan rendibles para as empresas e o seu custo e mantemento está a ser soportado maioritariamente pola Administración do Estado. Esta realidade fixo que se fora reconsiderando a súa condición de “servizo universal” público tal e como foi definido durante anos, limitando cada paso máis a súa presenza a unha “oferta suficiente” en función dos habitantes de cada núcleo, que se nos últimos anos se concretou nun teléfono por municipio ao que se debería sumar un máis por cada 3.000 habitantes censados, o que no caso de Santiago equivalería a manter como mínimo algo máis de 30 teléfonos.

A aprobación o pasado 16 de novembro por parte do Consello de Ministros do proxecto de Lei Xeral de Telecomunicacións fai que se aproxime a “sentenza” definitiva para as cabinas telefónicas, ao propoñerse no texto legal a súa eliminación como “elementos obsoletos”, xunto coas guías telefónicas, que -no caso da aprobación polas Cortes- comezarían a desaparecer paulatinamente ao longo do ano 2022.

Algunhas cidades, como a de Lugo recentemente, están a adoptar medidas para retirar a maior parte das cabinas, deixando un reducidísimo número en función do número de chamadas rexistradas.

Na nosa cidade durante os últimos anos fóronse retirando aquelas cabinas que xa non resultaban rendibles ou aquelas que, como no caso da máis recente na rúa Doutor Teixeiro, supoñían un obstáculo para a accesibilidade. Con todo, queda un número considerable que, pola súa localización e a súa infraestrutura poderían ser susceptibles de reutilización. Podería ser o caso das existentes na Avenida Xoán XXIII (ao lado do acceso ao estacionamento público), Praza de Cervantes, Praza de Galicia, Avenida de

Figueroa, Praza de Vigo, Santiago de Chile, San Pedro de Mezonzo ou as que aínda quedan nos barrios como San Lázaro, Fontiñas, Santa Marta, Vite....

Aínda que se puidera cuestionar a utilidade e a estética actual de boa parte das cabinas (moitas delas carentes xa do propio aparato telefónico e nun estado de conservación e cun aspecto moi mellorable), non por iso se debería desbotar a potencialidade que a situación estratéxica dalgunhas proporciona, tendo en conta a súa dotación tecnolóxica ou parte da obra civil realizada.

Por este motivo, ante a falta de resultados prácticos ata o día de hoxe en relación con referido acordo unánime, volvemos a reiterar ante o Pleno esta cuestión. Consideramos que se trata dunha proposta coherente co concepto de cidade aberta á incorporación das novas tecnoloxías, que se podería materializar a través do diálogo coas empresas que actualmente prestan o servizo de telefonía pública e coa posible participación doutras Administracións, para deseñar e poñer en práctica unha medida que viñera a implantar, no lugar das cabinas en desuso, un punto de servizos avanzados de telecomunicacións a disposición non só da veciñanza, senón tamén do conxunto das persoas que ao longo do ano visitan a nosa cidade.

Tal e como expuxemos no seu día, trataríase de estudar a posibilidade de ofrecer nun mesmo lugar distintos servizos, seguindo o modelo que xa desenvolveron algunhas grandes cidades. A modo de exemplo, nese punto poderíase incorporar un punto de conexión wifi gratuíta, recarga de dispositivos móbiles, e incluír outras prestacións como un sistema gratuíto para as chamadas de emerxencia, a xestión de trámites municipais ou un sistema para difundir mensaxes multimedia de interese cultural, turística, e mesmo publicitaria que contribuíra a cubrir o custo e mantemento da nova infraestrutura.

Deste xeito, a través da iniciativa municipal e co procedemento administrativo que se considere máis eficaz e menos oneroso para o interese público, podería renovarse a estética destas instalacións, crear un novo servizo que consideramos de interese xeral e procurar unha solución desde o ámbito local á inminente e ineludible desaparición de, cando menos, a maior parte das cabinas telefónicas públicas.

Obviamente, non se trataría inicialmente de implantar este tipo de servizos en todas as cabinas públicas existentes, porque consideramos que algunhas mesmo deberían ser retiradas por motivos de accesibilidade ou de seguridade, pero si de abordar -tal e como no seu día xa propuxemos- un programa piloto centrado en dous ou tres puntos estratéxicos da cidade que permitan poñer en servizo a nova experiencia, avaliar os seus resultados e a súa posible extensión no termo municipal.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, para a súa consideración e, se procede, aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao corresponde órgano do Goberno local a que proceda, canto antes, ao estudo, deseño e, no seu caso, posta en marcha de medidas para a implantación novos servizos para as telecomunicacións de uso gratuíto (rede wifi, cargadores de dispositivos móbiles, chamadas de emerxencias ou difusión de contidos multimedia, entre outros) que aproveiten o emprazamento e a infraestrutura das cabinas telefónicas públicas aínda existentes dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

MOCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN DA ACTIVIDADE COMERCIAL E HOSTALEIRA NA ZONA CONCHEIROS-SAN PEDRO PARA A SÚA RECUPERACIÓN, LOGO DO ATRASO NA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sucesión de cambios, contratempos, demoras, prórrogas e as continuadas improvisacións e faltas de atención ás demandas das veciñanza nas obras de reurbanización da rúa dos Concheiros están a converter o que debería ser unha mellora de aceptación xeneralizada -coa asunción dos inevitables inconvenientes que toda obra pública comporta- nun motivo de discordia, de rexeitamento e de enfado dunha gran parte de residentes que non comprenden a actitude soberbia e contumaz do concelleiro responsable e do propio alcalde ante as reiteradas e maioritarias queixas e demandas no desenvolvemento e execución dos traballos. A maiores dunha afección directa aos residentes de Concheiros, a prolongación das obras está a ocasionar negativas consecuencias en toda a súa contorna, posto que forman parte dun continuo como é barrio de San Pedro, un barrio histórico singular e fortemente vencellado, onde habitan arredor de 10.000 veciños e veciñas.

Os representantes veciñais resumen a súa problemática por mor das obras en varios aspectos, entre outros: falta de planificación con cambios sobre as previsións do proxecto; actuación no conxunto da rúa sen contemplar a execución por fases; falta de garantías para a mobilidade e a subministración; dificultades nos accesos; deficiencias no depósito e recollida do lixo; incumprimento dos prazos de execución; ausencia de medidas para atenuar os danos; desatención aos intereses do barrio; trato incorrecto por parte dos responsables da obra e unha actitude por parte do Concello máis próxima aos intereses da empresa que aos da propia veciñanza.

A situación que padecen os residentes na zona de afectación das obras á hora de acceder ás súas vivendas e garaxes vese multiplicada para os comerciantes e hostaleiros que contemplan como os seus negocios se resenten en gran medida polos atrancos e as incomodidades que supoñen estas obras, unha realidade agravada pola improvisación e a indeterminación que perciben día a día, sen un horizonte certo para o remate dos traballos. Pódese afirmar que aos problemas derivados dunha crise sanitaria

global, en Concheiros véuselle a sumar unha crise local que perdura e agrava os efectos nocivos para a economía máis inmediata.

Como consecuencia desa dobre crise que está a afectar ao comercio e á hostalería local, que ve como desde hai máis dun ano a súa clientela se reduce polos inconvenientes ocasionados polas obras e coa finalidade de apoiar unha pronta recuperación da súa actividade, a semellanza do realizado no pasado no barrio de San Pedro ou máis recentemente no barrio de Conxo, o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao corresponde órgano do Goberno local a que, coa finalidade de atenuar as graves consecuencias que para os negocios da rúa dos Concheiros está a ocasionar a demora no remate das obras de reurbanización que se están a executar, se desenvolva unha ampla campaña de dinamización comercial e hostaleira -no singular barrio de San Pedro e a súa contorna- para poñer en marcha xusto cando se rematen as obras, ao tempo que se elabore e execute á maior brevidade un plan de mobilidade para a zona que garanta unha cómoda e segura accesibilidade para peóns e vehículos no citado ámbito.

MOCIÓN PARA MELLORAR A MOBILIDADE, A SEGURIDADE E A CALIDADE AMBIENTAL EN SAN LOURENZO, O CARME DE ABAIXO E A RIBEIRA DO SARELA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de San Lourenzo leva anos agardando pola súa quenda para ver solucionadas varias melloras importantes no seu barrio.

Pronto fará catro anos, en febreiro de 2018 adoptouse un acordo, impulsado polo Grupo Popular, para que no ámbito comprendido entre San Lourenzo e o Carme de Abaixo se levaran a cabo accións en materia de ordenación e seguridade viaria, de control urbanístico, de mellora ambiental e de convivencia que garantiran a integración desa zona no entramado urbano da cidade.

Un mes despois, o propio Grupo que agora forma parte do Goberno local, reiteraba e ampliaba as demandas nese mesmo ámbito mediante unha iniciativa que sería aprobada por unanimidade. Daquela, insistíase na necesidade de mellorar a mobilidade, ampliar as zonas de aparcamento, acondicionar a ribeira do Sarela coa demanda da axilización do colector xeral á Administración central, entre outras medidas.

O paso de tempo apenas mudou a longa listaxe de reivindicacións nesa zona. As escasas actuacións dirixíronse máis cara ao Carme de Abaixo que cara á San Lourenzo.

Nunha recente visita, na compañía de persoas residentes neste lugar, tivemos constancia de que os principais problemas seguen manténdose e mesmo se incrementaron con algunhas outras necesidades menores.

En materia de mobilidade, o principal atranco segue a ser a falta de desenvolvemento do proxectado na planificación urbanística, que mantén constrinxido o sistema viario. En especial, pola demora dunha nova vía entre a Carballeira de San Lourenzo e o Agro das Barreiras que permita unha alternativa para o estreito inicio da Corredoiro dos Muíños, por onde non cabe máis ca un vehículo lixeiro, sen lugar para o paso peonil, cun ameazante penedo de grandes dimensións inmediato ao trazado, e por onde non poden acceder camións para servizos básicos como os bombeiros.

Outra das demandas refírese ás limitacións das zonas de aparcamento, agravadas polas estreitez das propias vías. A proposta veciñal pasaría pola limpeza e acondicionamento dalgún predio municipal existente na zona para convertelo en estacionamento.

As dificultades para o tránsito peonil son tamén unha constante entre as queixas. En relación con iso, reclámase unha maior frecuencia na roza dos estreitos viais e a limpeza do camiño pegado ao muro da finca municipal no Carme de Abaixo que, a pesar de contar con iluminación, leva meses cegado polas silvas, entre outras.

En relación coa calidade ambiental, solicítase unha revisión das árbores que circundan o sendeiro do Sarela (onde recentemente volveu caer un exemplar de grandes dimensións), a mellora do propio traxecto fluvial, o avance no saneamento do río por parte da Administración central e unha solución para os asentamentos en acampada que desde hai varios meses se poden ver nas proximidades do río. Tamén reclaman, cando menos, a dotación dalgún contedor para a separación de residuos, posto que en case toda a zona unicamente existe un único tipo de colector.

En materia de seguridade e convivencia, a veciñanza denuncia a escasa iluminación; a elevada velocidade dos vehículos (nun ámbito de estreitas vías e casas pegadas á calzada os escasos sinais permiten ata 40 km/h), a existencia de eucaliptos de gran porte que supoñen unha ameaza pola proximidade ás vivendas e as gretas e fendeduras provocadas nos firmes (nunha situación de incumprimento da lexislación de aplicación); a falta de continuidade no control dos labores de roza, tanto de propiedades públicas como privadas; e a proliferación de ruídos nocturnos na rúa de San Lourenzo polo que reclaman unha maior presenza policial en días sinalados que regule e canalice axeitadamente o incremento de persoas en horario nocturno.

Á vista deste conxunto de necesidades que se seguen a manter no ámbito do barrio de San Lourenzo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que se dean os pasos necesarios para acometer o conxunto de accións en materia de mobilidade, de mellora ambiental, de seguridade e de convivencia, que demanda a veciñanza e que se detallan na exposición de motivos desta iniciativa, para mellorar as condicións de vida e garantir un impulso e unha maior integración dos barrios de San Lourenzo e do Carme de Abaixo no entramado urbano da cidade.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A CORRECTA FINALIZACIÓN DAS OBRAS DOS CONCEIROS E CAMIÑO FRANCÉS NA AVENIDA DE LUGO E RODRÍGUEZ DE VIGURI, E PARA IMPULSAR ECONOMICAMENTE O TECIDO COMERCIAL E HOSTALEIRO DO BARRIO DE SAN PEDRO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As obras de mellora do Camiño Francés dividíronse en dúas partes, sendo unha delas executada pola Xunta, no ámbito do cruce entre Rodríguez de Viguri, Fonte dos Concheiros, Rúa de Berlín e Avenida de Lugo. Pola súa parte, o goberno municipal decidiu executar directamente as que afectaban á rúa dos Concheiros, co obxectivo de que fora a administración pública máis achegada á veciñanza a que acometara uns traballos moi delicados. Unhas obras adxudicadas en case 2,2 millóns de euros, en setembro de 2020, e cun período de execución inicial de 9 meses.

Unhas obras que foron executadas desde a maior das opacidades, sen presentar os proxectos á veciñanza e nas que nin Xunta, nin Concello, teñen informado sobre o resultado final. A primeira das administracións porque non quere, e a segunda descoñécese se é que non quere ou simplemente non sabe cal vai ser ese resultado final.

Con todo, nada máis lonxe da realidade e desde o minuto cero, as obras foron executadas con moitos erros, improvisacións e molestias para a cidadanía ao tempo que se acumularon enormes demoras. Á falta de interlocución coa veciñanza do barrio de San Pedro, únenselle os continuos cambios e modificacións das obras, realizados sobre a marcha e sen demasiada previsión, ata o punto de existiren diferenzas notables entre os planos que aparecen na licitación e a realidade actual da obra. Do mesmo xeito, mantense a incertidume sobre elementos, fundamentalmente de mobiliario urbano e de cuestións relativas á mobilidade, que no foron contemplados nin na licitación nin na propia execución da obra.

Non existiu comunicación efectiva coa veciñanza, nin directa nin coa AVV 'A Xuntanza', mais tampouco cos bares e comercios da rúa, que denuncian situacións como a de atopárense os accesos bloqueados nalgúns xornadas, impedindo a apertura dos negocios sen previo aviso. Por comunicación efectiva enténdese non só falar ou dialogar

senón tamén atender as peticións e demandas veciñais e do tecido comercial e hosteleiro. Ademais, é unha queixa continua a falta de capacidade do concelleiro de Obras, Javier Fernández, que exerce máis unha labor de desinformación que de acompañamento. De nada vale que o concelleiro delegado visite moito as obras se só se dedica a pasear e non a defender os intereses colectivos da cidadanía, se optar por colocarse sempre do lado da empresa, xustificando a súa falta de dilixencia e os seus incumprimentos.

Moitos son os problemas que foron aparecendo, as modificacións, os 'cambios de idea', as incomodidades, os atrasos acumulados, os enganados,... dando sempre a impresión de que nunca existiu un seguemento diario e control desta obra por parte do Concello, posto que non houbo unha interlocución efectiva, comunicando o concelleiro de obras que os traballos terminarían en outubro -xa con atraso- cando a pé de obra se falaba de decembro, e finalmente, se hai sorte, finalizaranse en xaneiro.

A todo este caos e descontrol súmaselle a falta de coordinación entre os departamentos de obras e de mobilidade, como se a man dereita e man esquerda do goberno non se falaran entre elas. Non se sabe nada, ou case nada do novo plano de mobilidade que vai afectar, e moito, á veciñanza. Tampouco se coñece que plans ten o Concello a futuro para compensar as perdas das e dos comerciantes da zona, se van existir posibles compensacións, se vai haber algún tipo de tratamento específico ou non sobre o conxunto do Barrio de San Pedro, máis alá do ámbito estritamente afectado polas obras posto que as repercusións negativas desta mala xestión esténdense a toda a zona.

Diante desta situación no Pleno de Xullo de 2021, o grupo municipal de Compostela Aberta instou ao goberno municipal a abordar os problemas que estaban a xerar estas obras, indicando as seguintes propostas:

- 1. Instar ao goberno local a informar das modificacións de mobilidade que se preven no ámbito e elaborar unha planificación e plan de mobilidade para o barrio de San Pedro que sexa participado e que conte coa opinión da veciñanza.*
- 2. Instar ao goberno local a elaborar un plano de axudas específico para o comercio e hostalería do barrio, afectado polas obras e polo seu prolongamento no tempo.*
- 3. Instar ao goberno local a establecer os mecanismos de diálogo e participación veciñal oportunos para realizar unha auditoría cidadá que recolla todas as queixas e eivas da execución das obras de mellora do Camiño Francés no barrio de San Pedro e entrada da cidade.*
- 4. Instar ao goberno local e á Xunta de Galicia a colaborar institucionalmente para resolver todas as queixas e eivas recollidas nesa auditoría cidadá, para que sexan solventadas no mínimo prazo posible.*

A pesar disto, o alcalde e o concelleiro delegado continuaron instalados na súa soberbia e mesmo no engano. E a situación non fixo máis que empeorar, afectándolle ao conxunto da poboación do barrio de San Pedro, porta de entrada na nosa zona histórica, provocando unha dobre crise ao unirse a derivada da Covid-19 e esta por causa da mala praxe e xestión do goberno local.

Nesta situación, non é de estrañar que a veciñanza do barrio se mobilizara organizando un protesta cazolada o 12 de novembro, ou entregando máis de 500 sinaturas protestando e mostrando a súa 'fartura' por como o Concello de Santiago está a executar as obras e do trato dado á veciñanza. E finalmente, convocando a AVV 'A Xuntanza' a todos os grupos municipais a unha reunión para trasladar o malestar acumulado no barrio por causa desta situación que afecta aos negocios e á poboación residente de todo o barrio.

Tendo en conta todo o anterior, e para paliar os danos, compensar ao tecido comercial da zona e para manter un diálogo fluído coa veciñanza, o Grupo Municipal de Compostela Aberta recolle as propostas da coordinadora presentadas para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano de goberno a:

1. Crear uns BONOS CORAZÓN BARRIO DE SAN PEDRO para fomentar o consumo en todo o ámbito afectado polas obras -a totalidade do barrio- que vai máis alá do tramo no que se están a executar os traballos, co fin de compensar os graves prexuízos económicos acontecidos nos últimos meses.
2. Acompañar a creación destes bonos dunha CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN e dinamización do comercio e hostalería de todo o barrio.
3. Elaborar un PLAN DE MOBILIDADE para o barrio de San Pedro que sexa participado e que conte coa opinión da veciñanza, para minimizar os ruídos, favorecer a circulación peonil e ordenar o tránsito rodado.
4. Impulsar unha AUDITORÍA E REVISIÓN DAS OBRAS, dos seus acabados, das calidades e remates empregados, para telo listo antes de recepcionar a súa finalización, e poder solventar os problemas creados polas mesmas.
5. Revisar e AUDITAR AS OBRAS EXECUTADAS POLA XUNTA de Galicia e non recepcionalas ata que non se solventen problemas como os das recentes inundacións que teñen acontecido no cruce dos Concheiros coa Avenida de Lugo.
6. Dar INFORMACIÓN E INTERLOCUCIÓN EFECTIVA Á VECIÑANZA sobre todas estas accións ou outras que se implementen no barrio.

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA POR UN
TREN QUE VERTEBRE O TERRITORIO E ARREFRÍE O PLANETA**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A finais do pasado mes de outubro a *Coordinadora Galega polo Tren Público Social e Sostible* presentaba un manifesto, e unha serie de mobilizacións, demandando unha mudanza de paradigma nos usos e servizos ferroviarios, con seguinte texto: “A declaración do ano 2021 como ano europeo do ferrocarril supón unha oportunidade para relanzar e poñer en primeiro lugar de prioridades a defensa do ferrocarril como medio de transporte seguro, ao servizo das persoas e ambientalmente sostible. Os sucesivos gobernos do PP e PSOE realizaron durante os últimos anos unha política de transporte ferroviario orientada á súa liberalización e privatización, destinando inxentes cantidades de diñeiro público á construción de liñas de Alta Velocidade que puidesen facer atractiva a chegada de operadores privados e abandonando os investimentos nas liñas ferroviarias convencionais, utilizadas polo 95% das persoas que usan o tren.

Asemade houbo un significativo incremento nos prezos das liñas de longa distancia así como unha redución de frecuencias nas liñas que unen Galicia coa Meseta ou con Portugal. A Alta Velocidade consumiu grandes investimentos públicos, ten un gran impacto ambiental e enerxético, e contribuíu ao illamento de infinidade de zonas rurais. Esta concepción do transporte afástase do papel de prestación de servizo público, de vertebración do territorio e de reequilibrio territorial que debe xogar o ferrocarril. En Galicia asistimos á supresión de moitos trens ‘rexionais’ e a un acelerado deterioro dos servizos ferroviarios. As persoas que viven en vilas ou no rural necesitan desprazarse para acceder a servizos de primeira necesidade como a educación, a sanidade ou as consultas a profesionais de todo tipo. Igualmente, os devanditos servizos de transporte resultan fundamentais para que as mulleres que sofren violencia de xénero poidan ter unha vía de saída da contorna no que sofren estes malos tratos, así como acceso a servizos e recursos de diverso tipo. Ademais, unha rede ferroviaria descentralizada e accesible representa un instrumento indispensable para lograr unha repoboación xuvenil das zonas baleiradas. Doutra banda, non podemos esquecer que vivimos nunha situación de emerxencia climática na que o ferrocarril é unha peza crave na imprescindible descarbonización do transporte.

A aposta por un errado modelo baseado na estrada e no automóbil debilitou un sistema ferroviario normal/convencional e electrificado, que hoxe debería xogar un papel central na loita climática. É prioritario centrar esforzos no transvasamento ao ferrocarril de mercadorías e persoas que hoxe son transportadas por estrada. Reivindicamos o ferrocarril como un dos modos de transporte máis eficientes enerxeticamente e con menores emisións; eixo dunha mobilidade sostible e multimodal que contribúe tanto á construción de cidades máis habitables como ao equilibrio do conxunto do territorio. A estes criterios deberían responder a planificación e debates sobre transporte e mobilidade en todos os eidos, desde o máis global aos locais, con actuacións que contribúan responsablemente ao arrefriado do planeta. Desde as plataformas polo tren

e as organizacións asinantes deste manifesto, conscientes da importancia social, vertebradora e sostible do transporte ferroviario, trasladamos unha proposta á cidadanía para facer posible un xiro radical nas políticas de transporte, e así avanzar cara a un modelo sostible onde a mobilidade a pé, en bicicleta e en tren sexan a prioridade, e o resto de modos sexan subsidiarios e complementarios en tanto non reduzan ao mínimo a súa agresividade ambiental”.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta recolle as propostas da coordinadora presenta as para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao goberno local, Deputación, Xunta de Galicia e Goberno de España a que teñan en conta as seguintes propostas no deseño das políticas públicas:

1. Redeseño das cidades e aglomeracións urbanas para priorizar un sistema de mobilidade activa baseado nos desprazamentos a pé, en bicicleta, en tren e noutros modos de transporte público colectivo.
2. Redeseño da oferta de servizos das empresas ferroviarias públicas para garantir un sistema multimodal e cadenciado de conexións que integre de forma adecuada os servizos rexionais cos de grandes distancias. Iso, co obxectivo de facilitar a todas as poboacións, directamente ou a través das cabeceiras de comarca, a accesibilidade aos bens, servizos e contactos coas demais persoas, podendo ir e volver ao seu municipio de referencia na mesma xornada.
3. Establecemento de criterios sociais, especialmente no medio rural, para combater a redución e eliminación progresiva dos servizos de transporte ferroviario, causa fundamental do despoboamento e o illamento.
4. Garantir o acceso universal ao tren a todas as persoas usuarias, tanto en termos de asequibilidade (para o conxunto da poboación e con tarifas sociais destinadas a colectivos vulnerables), como mediante a eliminación das barreiras que impiden o acceso a trens e estacións.
5. Redeseño das prazas para ocupar nos trens ou, no seu caso, utilización dos coches furgón xa existentes, para facilitar o acceso aos mesmos de cidadáns que poidan viaxar coa súa bicicleta. Así mesmo, adaptación dos vehículos con espazos exclusivos para bicicletas ou, polo menos, con asentos abatibles que permitan o transporte de bicicleta con garantías.
6. Incremento substancial dos investimentos na renovación e actualización das infraestruturas das liñas de tren normal/convencional, executando na súa totalidade as partidas orzamentarias asignadas. Estes investimentos deben ser prioritarias fronte á

Alta Velocidade, para a que pedimos unha moratoria na construción de liñas, reorientando as xa construídas, para permitir a intermodalidade co ferrocarril normal/convencional e outros modos de transporte sostibles.

7. Recuperación, en concordancia coa tendencia europea para este tipo de servizos, dos trens nocturnos suprimidos con Madrid ou Barcelona, ademais de incrementar a oferta de circulacións nocturnas.

8. Recuperación de todas as circulacións suprimidas e paradas eliminadas (total ou parcialmente) nos últimos anos, como consecuencia da aplicación de Obrigación de Servizo Público (OSP) por parte do Goberno, incluíndo na listaxe de OSP todos os trens, independentemente do tipo de subvención que garante o seu mantemento, e mellorando os seus horarios e tempos de viaxe.

9. Potenciación do transporte de mercadorías por ferrocarril dentro da rede básica que cubra todo o territorio.

10. Recuperación e reapertura de liñas pechadas, aproveitando as infraestruturas, os percorridos e as estacións existentes, de acordo a unha proposta de servizos que atenda as necesidades de conectividade territorial.

11. Creación dunha rede de trens de proximidade en Galicia coas seguintes liñas:

- Vigo - Santiago - A Coruña
- Santiago - O Carballiño - Ourense
- A Coruña - Ferrol
- A Coruña - Lugo
- Ferrol - Ribadeo
- Monforte - Lugo - Ferrol
- Ourense - A Gudiña - Puebla de Sanabria
- Ourense - Monforte - O Barco de Valdeorras
- Ourense - Ribadavia - Vigo

12. Protección das empresas públicas ferroviarias con compensacións que permitan abaratar o prezo dos billetes e minimizar o impacto da competencia.

13. Electrificación, renovación das vías e instalación de sistemas de seguridade actualizados en todas as liñas, adaptándoas a unha velocidade sostible e competitiva con outros medios de transporte.

14. Potenciación do Tren transfronteirizo con Portugal.

15. Fortalecemento con máis frecuencias da rede de ancho métrico transcantábrica.

16. Compromiso por parte das empresas ferroviarias públicas de utilización de enerxías renovables para todos os servizos e instalacións ferroviarias.

17. Paralización dos procesos de privatización do transporte ferroviario e compromiso de mantemento das empresas ferroviarias dentro do ámbito do público.

18. Defensa dun ferrocarril público con emprego público de calidade, estable e con dereitos laborais.

Dar traslado deste acordo aos grupos do Parlamento de Galicia, así como aos grupos con representación galega no Congreso dos Deputados.

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS PARA DAR APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Neste mes de decembro están previstas diferentes mobilizacións en defensa dos dereitos dos e das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, convocadas pola Plataforma 'SAF Galiza'. Este colectivo naceu coa intención de darlle visibilidade á importancia deste traballo de atención sociosanitaria a dependentes no fogar, de denunciar a precariedade na que viven as traballadoras, e de facer escoitar as eivas que padecen persoal e persoas usuarias.

As traballadoras do SAF atenden a máis de 25.000 persoas dependentes, a pesar de soportar unhas condicións indignas dun servizo social tan importante. Levan anos loitando porque se lles escoite, mais observan con frustración como pasan os anos e as súas reivindicacións seguen esquecidas por parte das empresas e, o que é máis grave aínda, das administracións públicas.

Son xa 10 anos sen renovación do convenio colectivo, sendo o último asinado no 2009 para o período 2009-2011, unha situación que é intolerable. A Patronal do sector non só incumpre sistematicamente este convenio xa obsoleto, senón que tamén se nega a negociar un novo acordo.

Esta desidia provoca que sexan un colectivo no que moitas non poden vivir con dignidade polas baixas retribucións e porque non se lles permite acadar a xornada completa ou un contrato indefinido. As traballadoras non teñen axudas técnicas nos domicilios, o que provoca problemas músculo-esqueléticos, de depresión ou ansiedade, ademais doutras doenzas derivadas do seu traballo e aínda así, seguen sen recoñecerse as súas enfermidades profesionais, o que significa que tampouco poden xubilarse anticipadamente. Trátase dun colectivo de traballadoras empobrecidas, que corren o risco de seren tamén persoas xubiladas aínda máis pobres e tamén enfermas.

Os grandes investidores que controlan o sector fan un negocio moi lucrativo cun servizo público privatizado de facto, a costa das condicións laborais das traballadoras, a costa das súas vidas e da calidade asistencial, cando a prioridade debería ser a saúde e o benestar das persoas, que ten que estar por riba dos lucros económicos. Grazas á súa labor, moitas persoas poden chegar ao fin das súas vidas no seu fogar e rodeados dos seus.

Tendo en conta todo o anterior, e para facer visible a realidade e precarización destas traballadoras diante da sociedade galega e para que a Patronal do sector se vexa forzada a actuar e a sentarse á mesa de negociación. Por todo o exposto anteriormente solicitamos ao pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago mostra a súa solidariedade co colectivo de persoas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar e exprésalle o seu apoio na reivindicación da necesidade de negociar un novo convenio colectivo para o sector.

MOCIÓN DE URXENCIA EN RELACIÓN COA SENTENZA POLO AUMENTO DE AFORO DUNHA SALA DE FESTAS DA CIDADE

Ao abeiro do artigo 85.2 in fine do Regulamento Orgánico municipal -e toda vez que foi onte mesmo cando o Grupo Municipal Popular tivo acceso a unha sentenza que anula o aumento de aforo concedido polo Concello, no seu día, a unha sala de festas da cidade, sentenza que permite ao Concello presentar un recurso de apelación nos próximos quince días-, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte MOCIÓN DE URXENCIA:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na rúa Alfredo Brañas un local desenvolve desde hai moitos anos unha actividade real de discoteca, derivándose do exercicio de tal actividade un menoscabo na calidade de vida e nos dereitos fundamentais dos residentes da zona.

Como consecuencia dos fluxos e da acumulación de centos de xoves nos arredores da discoteca, son moitos os residentes que ven menoscabado o seu dereito ao descanso e á súa saúde ou que ven menoscabada a súa propiedade, dada a desvalorización patrimonial das súas vivendas. A maiores, preséntanse dúbidas sobre as condicións de seguridade do local e sobre a adecuación da súa actividade á licenza.

No ano 2019 o Concello concedeulle un incremento do aforo, que pasou de 400 a 711 persoas. A decisión foi cuestionada xa daquela polo Grupo Municipal Popular, pois se cun aforo de 400 persoas o problema derivado da discoteca era grave, o incremento concedido polo Concello agravaba aínda máis a situación.

A sentenza que vén de ditar un xulgado de Santiago, e que anula aquela decisión municipal, revela que foi aquela unha decisión inxusta. A sentenza pode ser apelada polo Concello -que pode insistir na idea de incrementar o aforo dun local do que se derivan graves problemas para as comunidades de residentes e para o interese xeral-, pero facelo revelaría unha escasa sensibilidade cos residentes afectados e unha concepción inhumanado urbanismo. E non sería a primeira vez que o Concello deixa de recorrer unha decisión xudicial.

Por outra banda, resultaría sorprendente que a sensibilidade medioambiental que se alega noutras situacións ou procedementos urbanísticos non se integre nas decisións administrativas ou político-administrativas cando se trata de poñer freo ao ruído intolerable asociado aos excesos da movida nocturna.

E por todo iso, que se propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano de Goberno a:

Primeiro.- A que se valore co maior interese a oportunidade de non apelar a sentenxae a que, salvo que concorra unha obxección de legalidade, se considere o maior interese xeral ou social en orde a motivar a decisión de non recorrer a resolución xudicial.

Segundo.- A adoptar cantas medidas legais resulten necesarias e posibles en orde a aliviar ou resolver a situación de menoscabo dos dereitos dos residentes da zona, e, en especial, a que se valore a incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística.”

Foron presentadas emendas ás mocións para a construción dun centro de día “in voce”, no transcurso do debate, e por escrito á moción por un tren que vertebre o territorio, e as aceptadas xa aparecen recollidas nos acordos adoptados.

Con relación á moción presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar a accesibilidade no tramo interior da rúa Bispo Teodomiro, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que o Goberno local inclúa nos orzamentos de 2022 unha partida para a redacción dun Estudo de detalle para resolver as deficiencias detectadas, reconfigurando espazos para garantir a accesibilidade a todos os edificios da rúa do Bispo Teodomiro e a reurbanización da zona para gañar calidade de vida para a veciñanza deste barrio compostelán.

Na moción presentada polo BNG, para reclamar o mantemento da médica de pediatra adscrita ao centro de saúde das Galeras, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (2 BNG, 10 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda:

1) Na defensa da saúde pública e universal, reclamarlle ao Goberno da Xunta o mantemento da xornada completa da médica pediatra adscrita ao centro de saúde das Galeras para manter a calidade deste servizo.

2) Que o Goberno local convoque, de xeito inmediato, o Consello Municipal de Saúde para tratar estes e outros temas vinculados coa situación sanitaria na cidade.

No tocante á moción presentada polo BNG para planificar melloras nos centros de ensino público, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que o Goberno local:

1. Convoque de xeito inmediato o Consello Municipal de Educación para tratar a problemática obxecto desta moción.
2. Desenvolva unha planificación de acordo coa comunidade educativa e coa FANPA para solucionar os problemas derivados do servizo externalizado dos comedores escolares, da necesidade de renovar o mapa escolar, da mobilidade e falta de seguranza viaria na contorna dos centros de ensino, da falta de dotación de profesorado, do programa das actividades de conciliación e da necesaria dotación de actividades extraescolares e das diversas obras pendentes nos centros de ensino públicos de Santiago de Compostela.

A moción presentada polo BNG para a cesión dunha parcela para a construción dun centro de día, e despois de ser aceptada a emenda “in voce” presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (2 BNG, 10 PSdeG-PSOE e 5 CA) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda que o concello realice as xestións necesarias coa Xunta para a cesión dunha parcela co fin de cumprir o acordo para a construción e posta en funcionamento dun centro de día público no ámbito do Plan parcial das Fontiñas, e de dotar dun local para o Ensanche coa mesma finalidade.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a reutilización da infraestrutura das cabinas telefónicas públicas, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao corresponde órgano do Goberno local a que proceda, canto antes, ao estudo, deseño e, no seu caso, posta en marcha de medidas para a implantación novos servizos para as telecomunicacións de uso gratuíto (rede wifi, cargadores de dispositivos móbiles, chamadas de emerxencias ou difusión de contidos multimedia, entre outros) que aproveiten o emprazamento e a infraestrutura das cabinas telefónicas públicas aínda existentes dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP para a posta en marcha dunha campaña de dinamización da actividade comercial e hostaleira na zona de Concheiros-San Pedro para a súa recuperación, logo do atraso na execución das obras de reurbanización, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao corresponde órgano do Goberno local a que, coa finalidade de

atenuar as graves consecuencias que para os negocios da rúa dos Concheiros está a ocasionar a demora no remate das obras de reurbanización que se están a executar, se desenvolva unha ampla campaña de dinamización comercial e hostaleira -no singular barrio de San Pedro e a súa contorna- para poñer en marcha xusto cando se rematen as obras, ao tempo que se elabore e execute á maior brevidade un plan de mobilidade para a zona que garanta unha cómoda e segura accesibilidade para peóns e vehículos no citado ámbito.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP para mellorar a mobilidade, a seguridade e calidade ambiental en San Lourenzo, Carme de Abaixo e a ribeira do Sarela, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a que se dean os pasos necesarios para acometer o conxunto de accións en materia de mobilidade, de mellora ambiental, de seguridade e de convivencia, que demanda a veciñanza e que se detallan na exposición de motivos desta iniciativa, para mellorar as condicións de vida e garantir un impulso e unha maior integración dos barrios de San Lourenzo e do Carme de Abaixo no entramado urbano da cidade.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA para a correcta finalización das obras dos Concheiros e Camiño Francés na Avda. de Lugo e Rodríguez de Viguri, e para impulsar economicamente o tecido comercial e hostaleiro do barrio de San Pedro o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Crear uns bonos corazón barrio de San Pedro para fomentar o consumo en todo o ámbito afectado polas obras -a totalidade do barrio- que vai máis alá do tramo no que se están a executar os traballos, co fin de compensar os graves prexuízos económicos acontecidos nos últimos meses.
2. Acompañar a creación destes bonos dunha campaña de sensibilización e dinamización do comercio e hostalería de todo o barrio.
3. Elaborar un plan de mobilidade para o barrio de San Pedro que sexa participado e que conte coa opinión da veciñanza, para minimizar os ruídos, favorecer a circulación peonil e ordenar o tránsito rodado.
4. Impulsar unha auditoría e revisión das obras, dos seus acabados, das calidades e remates empregados, para telo listo antes de recepcionar a súa finalización, e poder solventar os problemas creados polas mesmas.
5. Revisar e auditar as obras executadas pola Xunta de Galicia e non recepcionadas ata

que non se solventen problemas como os das recentes inundacións que teñen acontecido no cruce dos Concheiros coa Avenida de Lugo.

6. Dar información e interlocución efectiva á veciñanza sobre todas estas accións ou outras que se implementen no barrio.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA para por un tren que vertebre o territorio e arrefría o planeta, a que presentan emendas os grupos municipais do BNG e do PP, e tras ser aceptada a do BNG, e tamén unha transaccional in voce presentada polo mesmo grupo no transcurso do debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do BNG e do PP (5 CA, 2 BNG e 8 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local, Deputación, Xunta de Galicia e Goberno de España a que teñan en conta as seguintes propostas no deseño das políticas públicas:

1. Redeseño das cidades e aglomeracións urbanas para priorizar un sistema de mobilidade activa baseado nos desprazamentos a pé, en bicicleta, en tren e noutros modos de transporte público colectivo.

2. Redeseño da oferta de servizos das empresas ferroviarias públicas para garantir un sistema multimodal e cadenciado de conexións que integre de forma adecuada os servizos rexionais cos de grandes distancias. Iso, co obxectivo de facilitar a todas as poboacións, directamente ou a través das cabeceiras de comarca, a accesibilidade aos bens, servizos e contactos coas demais persoas, podendo ir e volver ao seu municipio de referencia na mesma xornada.

3. Establecemento de criterios sociais, especialmente no medio rural, para combater a redución e eliminación progresiva dos servizos de transporte ferroviario, causa fundamental do despoboamento e o illamento.

4. Garantir o acceso universal ao tren a todas as persoas usuarias, tanto en termos de asequibilidade (para o conxunto da poboación e con tarifas sociais destinadas a colectivos vulnerables), como mediante a eliminación das barreiras que impiden o acceso a trens e estacións.

5. Redeseño das prazas para ocupar nos trens ou, no seu caso, utilización dos coches furgón xa existentes, para facilitar o acceso aos mesmos de cidadáns que poidan viaxar coa súa bicicleta. Así mesmo, adaptación dos vehículos con espazos exclusivos para bicicletas ou, polo menos, con asentos abatibles que permitan o transporte de bicicleta con garantías.

6. Aprobación dun plan extraordinario de investimentos para a mellora da rede ferroviaria interna, sobre todo naquelas conexións e liñas máis atrasadas como A Coruña-Ferrol, conexións de Lugo coa Coruña e Santiago, antigo FEVE Ferrol-Ribadeo, e a liña do Miño (Vigo-Ourense).

7. Incremento substancial dos investimentos na renovación e actualización das infraestruturas das liñas de tren normal/convencional, executando na súa totalidade as partidas orzamentarias asignadas. Estes investimentos deben ser prioritarias fronte á Alta Velocidade, para a que pedimos unha moratoria na construción de liñas, reorientando as xa construídas, para permitir a intermodalidade co ferrocarril normal/convencional e outros modos de transporte sostibles.

8. Recuperación, en concordancia coa tendencia europea para este tipo de servizos, dos trens nocturnos suprimidos con Madrid ou Barcelona, ademais de incrementar a oferta de circulacións nocturnas.

9. Recuperación de todas as circulacións suprimidas e paradas eliminadas (total ou parcialmente) nos últimos anos, como consecuencia da aplicación de Obrigación de Servizo Público (OSP) por parte do Goberno, incluíndo na listaxe de OSP todos os trens, independentemente do tipo de subvención que garante o seu mantemento, e mellorando os seus horarios e tempos de viaxe.

10. Potenciación do transporte de mercadorías por ferrocarril dentro da rede básica que cubra todo o territorio.

11. Unha vez que o Estado faga os investimentos pendentes, transferencia a Galicia do servizo ferroviario de proximidade para a súa implantación progresiva nas principais áreas urbanas e metropolitanas. Creación do GALTRÉN para a xestión desde a Galicia da rede ferroviaria interna, competencia prevista no Estatuto.

12. Recuperación e reapertura de liñas pechadas, aproveitando as infraestruturas, os percorridos e as estacións existentes, de acordo a unha proposta de servizos que atenda as necesidades de conectividade territorial.

13. Creación dunha rede de trens de proximidade en Galicia coas seguintes liñas:

- Vigo - Santiago - A Coruña
- Santiago - O Carballiño - Ourense
- A Coruña - Ferrol
- A Coruña - Lugo
- Ferrol - Ribadeo
- Monforte - Lugo - Ferrol
- Ourense - A Gudiña - Puebla de Sanabria
- Ourense - Monforte - O Barco de Valdeorras
- Ourense - Ribadavia - Vigo

14. Protección das empresas públicas ferroviarias con compensacións que permitan abaratar o prezo dos billetes e minimizar o impacto da competencia.

15. Electrificación, renovación das vías e instalación de sistemas de seguridade actualizados en todas as liñas, adaptándoas a unha velocidade sostible e competitiva con outros medios de transporte.

16. Potenciación do Tren transfronteirizo con Portugal.

17. Fortalecemento con máis frecuencias da rede de ancho métrico transcantábrica.

18. Compromiso por parte das empresas ferroviarias públicas de utilización de enerxías renovables para todos os servizos e instalacións ferroviarias.

19. Paralización dos procesos de privatización do transporte ferroviario e compromiso de mantemento das empresas ferroviarias dentro do ámbito do público.

20. Defensa dun ferrocarril público con emprego público de calidade, estable e con dereitos laborais.

Dar traslado deste acordo aos grupos do Parlamento de Galicia, así como aos grupos con representación galega no Congreso dos Deputados.

Con respecto á moción conxunta de todos os grupos políticos municipais, que ven a substituír á presentada polo grupo municipal de CA para dar apoio ás reivindicacións das traballadoras do servizo de axuda no fogar (SAF), o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda mostrar a súa solidariedade co colectivo de persoas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar e exprésalle o seu apoio na reivindicación da necesidade de negociar un novo convenio colectivo para o sector.

Con respecto a moción de urxencia presentada polo grupo municipal do PP en relación coa sentenza polo aumento de aforo dunha sala de festas na cidade, e despois de ser aceptada a petición dos grupos municipais de CA e do BNG da votación separada por puntos, o Pleno da Corporación, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1.- Por unanimidade, a que se valore co maior interese a oportunidade de non apelar a sentenxae a que, salvo que concorra unha obxección de legalidade, se considere o maior interese xeral ou social en orde a motivar a decisión de non recorrer a resolución xudicial.

2.- Por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), a adoptar cantas medidas legais resulten necesarias e posibles en orde a aliviar ou resolver a situación de menoscabo dos dereitos dos residentes da zona, e, en especial, a que se valore a incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística.

Remata a sesión cando son as 19:13 horas. Dou fe.